BOP DEPUTACIÓN DE LUGO

XOVES, 26 DE NOVEMBRO DE 2026 N.º 272

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN. DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN-SERVIZO DE EMPREGO, RELACIÓNS LABORAIS, TRABALLO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL

Anuncio

CONVENIOS COLECTIVOS

Código 27000155011982

O día 27 de outubro de 2026 tivo entrada nesta unidade, a través de Regcon, a solicitude para a inscrición no Rexistro e depósito de convenios colectivos, acordos colectivos de traballo e plans de igualdade, do Convenio Colectivo de Comercio de Alimentación da provincia de Lugo.

Logo de recibirse o escrito presentado por Lois Neto López, en representación do sindicato CIG Lugo-A Mariña, dirixiuse escrito de requirimento á comisión negociadora para que formalizaran corrección sobre o texto do convenio, en relación ao plus de quebranto de moeda, ou formularan alegacións ao respecto.

Con data de entrada en Regcon do día 11 de novembro de 2026 achegouse novo texto do Convenio Colectivo de Comercio de Alimentación da provincia de Lugo, asinado o día 10 de novembro de 2026 entre a representación empresarial e a representación legal dos traballadores e traballadoras, central sindical UGT (52,86%), e de conformidade co disposto no artigo 90, números 2 e 3, do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos, acordos colectivos de traballo e plans de igualdade ACORDO:

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición do citado convenio no rexistro de convenios deste departamento territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 13 de novembro de 2026.- A directora territorial, Carmen José López Rodríguez.

Texto articulado do Convenio Colectivo Provincial para o Comercio de Alimentación de Lugo

Artigo 1º.- Ámbito funcional.- O presente Convenio é de aplicación para tódalas empresas adicadas á actividade de comercio de alimentación (venda offline en establecemento físico ou venda online), isto é, venda de artigos de alimentación humana, tales como ultramarinos, comestibles, froitos secos, doces, etc., ben sexan establecementos almacenistas, distribuidores, detallistas, economatos, cooperativas, autoservicios, supermercados, etc.

Artigo 2º.- Ámbito persoal.- Quedan comprendidos neste Convenio todo o persoal das empresas incluídas no seu ámbito funcional, agás os menores de 16 anos, con contratación que queda prohibida.

Artigo 3º.- Vixencia e duración.- A vixencia deste Convenio Colectivo de Traballo será dende o 1 de xaneiro de 2026 ao 31 de decembro do ano 2029, con independencia da data de publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Artigo 4º.- Ámbito territorial.- As disposicións do presente Convenio rexerán para as empresas e as súas plantillas que teñan centro de traballo en Lugo e a súa Provincia.

Artigo 5º.- Denuncia.- O presente Convenio Colectivo prorrogarase tacitamente de ano en ano mentres non se chegue a un acordo entre as partes sobre un novo convenio.

Artigo 6º.- Compensación e absorción.- As condicións que se establecen neste Convenio son compensables e absorbibles no cómputo anual conforme á Lexislación vixente, respectándose as situacións persoais en igual forma.

Artigo 7º.- Comisión Mixta Paritaria: A comisión paritaria será un órgano de interpretación, conciliación, arbitraxe e vixilancia do convenio e as súas funcións específicas serán as seguintes:

1. Interpretación auténtica do convenio.

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

2. Arbitraxe dos problemas ou cuestións que lle sexan sometidas por ambas partes, de común acordo en asuntos derivados deste convenio.
3. Conciliación facultativa nos problemas colectivos con independencia das atribucións que por norma legal poidan corresponder aos organismos correspondentes.
4. Vixilancia e seguimento do cumprimento do pactado.
5. Estudio da evolución das relacións entre as partes contratantes.
6. Cantas outras cuestións tendan a unha maior eficacia práctica do convenio.
7. Coñecer e resolver sobre as solicitudes de inaplicación das condiciones do convenio que se lle sometan.
8. Todas aquelas atribuídas polo Estatuto dos Traballadores e demais normativa vixente.

Os acordos ou resolucións adoptados por unanimidade de todos os membros da Comisión Paritaria terán carácter vinculante.

A comisión paritaria estará integrada, pola parte sindical, por 3 representantes de UGT e igual número de representantes pola organización empresarial asinante. Poderán nomearse asesores por cada representación, aínda que non terán dereito a voto.

Os acordos ou resolucións adoptadas polos votos favorables da maioría de cada unha das representacións integrantes da Comisión terán carácter vinculante.

De non obterse decisión vinculante, se seguirán os couces legalmente previstos para a resolución das cuestións plantexadas, incluído o sometemento á competencia do Servicio de Mediación, Arbitraxe e Conciliación (SMAC) e xurisdición competente.

As consultas que, no seu caso, se fagan á Comisión Mixta Paritaria, se poderán dirixir a calquera das organizacións que forman parte da mesma e, recibida a consulta, a Comisión se reunirá á maior brevidade posible, establecendo un calendario de reunións, no caso de que resulte necesario, na primeira reunión que celebre. Con carácter xeral a Comisión Paritaria se reunirá no prazo máximo de 10 días a contar dende a solicitude de reunión, salvo que as partes entendan que precisan de maior tempo para analizar o obxecto da consulta ou requirir documentación.

Nos supostos de inaplicación previstos no artigo 82.3 do Estatuto dos Traballadores, a Comisión Paritaria disporá dun prazo máximo de sete días para pronunciarse a contar dende que a discrepancia lle fora prantexada e, no caso de non acadarse acordo no seo da Comisión, as partes sometéranse ás modalidades de resolución de conflitos do AGA.

Ambas partes conveñen en dar coñecemento á Comisión Paritaria de cantas dúbidas, discrepancias e conflitos puideran producirse como consecuencia da interpretación e aplicación do presente convenio, para que a Comisión Paritaria actúe de acordo coas súas funcións.

Artigo 8º.- Vinculación á totalidade.- No suposto de que a Autoridade Laboral estimara que o Convenio conculca a legalidade vixente ou lesiona gravemente intereses de terceiros e dirixira oficio á xurisdición competente, ó obxecto de corrixi-las supostas anomalías e como queira que este Convenio na súa redacción actual, constitúe un todo orgánico indivisible, terase por totalmente ineficaz debendo reconsiderarse o seu contido íntegro pola Comisión Negociadora.

Artigo 9º.- Xornada de Traballo.- A xornada laboral na anualidade 2026 será de 1.799 horas de traballo efectivo en cómputo anual. Para o ano 2027 a xornada laboral será de 1.792 horas de traballo efectivo en cómputo anual e para os anos 2028 e 2029 a xornada laboral será de 1.786 horas de traballo efectivo en cómputo anual.

Respectando o número de horas anuais de traballo convidas, así como os períodos mínimos de descanso diario e semanal, cada empresa poderá realizar unha distribución irregular da xornada en períodos de catro meses.

En cada período cuadrimestral a distribución semanal poderá superalas 40 horas de traballo, co límite de 9 horas diarias. O exceso de horas traballadas compensarase nos períodos de menor traballo.

Asuntos propios

O persoal afectado pola aplicación do presente Convenio terán dereito a tres días anuais de asuntos propios retribuídos que se terán en conta como tempo efectivo de traballo e que non serán acumulables a vacacións e festivos nin desfrutados en campaña de Nadal.

Fins de semana de calidade

O persoal afectado pola aplicación do presente Convenio desfrutará, durante a anualidade 2027, de tres fins de semana de calidade entendendo por fin de semana de calidade a libranza en sábado de domingo. Nas anualidades 2028 e 2029 se desfrutarán catro fins de semana de calidade.

Xornada continuada

Sempre que a duración da xornada diaria continuada exceda de seis horas, se terá dereito a un período de descanso durante a mesma de quince minutos de duración que terá a consideración de tempo de traballo efectivo.

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

Dende o 1 de xaneiro de 2027, nas tendas con horario de apertura continuo nas que, como mínimo, presten servizos 15 postos, a lo menos o 70% da plantilla prestará servizos baixo réxime de xornada continuada. A estes efectos computará como prestación de servizos baixo réxime de xornada continuada a realización de traballo en xornada continua a lo menos un 50% das quendas.

Outros

Os días 24 e 31 de decembro a xornada laboral dos centros de traballo afectados polo presente Convenio rematará ás 19:00 horas.

A prestación de servicios para a realización do inventario ou inventarios que fagan as empresas computará en todo caso como xornada de traballo.

Artigo 10º.- Vacacións.- O persoal comprendido neste Convenio gozará na anualidade 2026 dun período anual de vacacións de 31 días naturais cuxo desfrute comezará en día laborable. Dende a anualidade 2027 se desfrutará de 32 días naturais de vacacións.

A retribución correspondente ao período total de vacacións estará constituído polo salario base e a "antigüidade consolidada".

O calendario de vacacións se fixará en cada empresa antes do día 31 de marzo de cada ano.

Cando o período de vacacións coincida no tempo cunha IT derivada de embarazo, o parto ou a lactación natural, ou cos períodos de suspensión do contrato por nacemento, por adopción, garda con fins de adopción e acollemento e por risco durante o embarazo ou a lactación natural regulados no artigo 48, apartados 4, 5 e 7 do Estatuto dos Traballadores, se terá dereito a desfrutar as vacacións en data distinta á de IT ou período de suspensión ao finalizar o mesmo, aínda que terminara o ano natural ao que correspondan as vacacións.

No suposto de que o período de vacacións coincida cunha incapacidade temporal por continxencias distintas ás sinaladas no parágrafo anterior que imposibilite á persoa traballadora desfrutalas, total ou parcialmente, durante o ano natural ao que corresponden, o traballador/a poderá facelo unha vez remate a súa incapacidade sempre que non transcorreran mais de 18 meses a partires do fin do ano no que se orixinaran.

Artigo 11º.- Permisos e licencias.- O persoal suxeito ao presente convenio terá dereito, previo aviso e xustificación, a ausentarse do traballo, con dereito a remuneración, por algún dos motivos e polo tempo seguinte, elo sen prexuízo das licencias a que haxa lugar en virtude do disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores:

1.- Casamento da persoa traballadora: 16 días naturais.

2.- Casamento de parentes de primeiro grado, por consanguinidade ou afinidade: 1 día. Esta licencia haberá de solicitarse con a lo menos 15 días de antelación e o seu desfrute estará condicionado ó feito de non coincidir con máis permisos no centro de traballo.

3.- Falecemento do cónxuxe, parella de feito ou parentes de primeiro grado de consanguinidade ou afinidade: 4 días. Se por tal motivo a persoa traballadora precisa facer un desprazamento fora da provincia o prazo será de 5 días.

4.- Falecemento de parentes de segundo grado de consanguinidade ou afinidade: 3 días. Se por tal motivo a persoa traballadora precisa facer un desprazamento fora da provincia o prazo será de 5 días.

5.- Accidente ou enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario do cónxuxe, parella de feito ou parentes ata o segundo grado por consanguinidade ou afinidade, incluído o familiar consanguíneo da parella de feito, así como calquera outra persoa distinta das anteriores que conviva coa persoa traballadora no mesmo domicilio e que requira o coidado efectivo daquela: 5 días.

A licencia por hospitalización prevista neste apartado poderá ser desfrutada pola persoa traballadora de xeito fraccionado mentres dure a hospitalización.

6.- Traslado do domicilio habitual: 2 días.

7.- Divorcio/separación: 1 día.

8.- Polo tempo indispensable para a asistencia ao médico, presentando o xustificante da cita e mais o da asistencia.

9.- Polo tempo indispensable para o acompañamento de fillos/as menores de 16 anos a asistencia sanitaria, presentando o xustificante da cita e mais o da asistencia.

10.- Polo tempo necesario para acompañamento do cónxuxe, parella de feito ou familiares de primeiro grado a tratamentos de quimioterapia, radioterapia ou equivalentes prescritos polo servizo de oncoloxía e administrados en centro hospitalario ou hospital de día.

11.- Cumprimento dun deber inescusable de carácter público e persoal, comprendido o exercicio do sufraxio activo: polo tempo indispensable para o cumprimento do deber. Cando conste nunha norma legal ou convencional un período determinado, se estará ó que esta dispoña.

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

12.- A realización de funcións sindicais ou de representación do persoal: segundo o disposto legal ou convencionalmente.

13.- Lactación dun fillo/a menor de 9 meses: unha hora de ausencia do traballo ou redución da xornada normal en media hora. Este dereito poderá ser substituído, a elección da persoa traballadora, pola acumulación que se prevé no artigo 14 do presente Convenio.

14.- A realización de exames prenatais e técnicas de preparación do parto que deban realizarse dentro da xornada de traballo: polo tempo indispensable para realizalos.

O persoal terá dereito, co fin de atender necesidades excepcionais, a un permiso non retribuído de 15 días non fraccionable que, salvo pacto en contrario, non se poderá acumular a vacacións ou festivos, nin desfrutarse nas temporadas de verán, Semana Santa, campaña de Nadal-Reis e festas locais. Dado o seu carácter excepcional, este permiso requirirá dun preaviso dun mes de antelación; non poderá ser desfrutado pola mesma persoa traballadora en dúas anualidades consecutivas, e non poderá ser desfrutado simultaneamente por máis dunha persoa traballadora da empresa.

A partires da publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o permiso non retribuído terá duración máxima dun mes e poderase desfrutar de xeito fraccionado nun máximo de dous períodos.

Artigo 12º.- Inasistencia retribuída.- Nos supostos taxativamente previstos no artigo anterior que sexan permisos con dereito a remuneración, se percibirá durante a súa ausencia, dentro da marxe que sinala o dito precepto, o salario que, con arranxo ao seu grupo profesional, corresponda polo Convenio.

Artigo 13º.- Excedencias.- Sen perxuizo do regulado ao respecto no vixente Estatuto dos Traballadores establécense, para o ámbito de aplicación do presente Convenio, as seguintes previsión en materia de excedencias:

a) Excedencia voluntaria.- Quen conte cunha antigüidade na empresa dun ano ou mais, terá dereito a que se lle recoñeza a situación de excedencia voluntaria cuio desfrute estará suxeito ás seguinte normas:

- O período mínimo de recoñecemento da situación de excedencia voluntaria será de un mes e o máximo de cinco anos.
- Con carácter xeral, a persoa traballadora terá que preavisar á empresa da súa intención de desfrutar de excedencia voluntaria con a lo menos 15 días de antelación á data do seu inicio, pudendo reducirse este prazo de preaviso a 7 días en supostos de urxencia xustificada pola persoa traballadora.
- Non se aplicará a limitación consistente en ter que transcorrer catro anos dende o fin da anterior excedencia salvo no suposto de que, durante a excedencia, a persoa traballadora tivera prestado servizos no mesmo sector de actividade tanto por conta propia como por conta allea.

b) Excedencia por coidado de familiares.- A persoa traballadora terá dereito a que se lle recoñeza a situación de excedencia por tempo non superior a tres anos para atender ao coidado dun fillo/a, tanto cando sexa por natureza como por adopción, e nos supostos de garda con fins de adopción ou acollemento permanente, a contar dende a data do nacemento ou, no seu caso, dende a data da resolución xudicial ou administrativa.

Así mesmo o persoal terá dereito a un período de excedencia non superior a dous anos para atender ao coidado do cónxuxe ou parella de feito ou dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, incluído o familiar consanguíneo da parella de feito, que, por razóns de idade, accidente, discapacidade ou enfermidade, non poda valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída.

Durante o primeiro ano de excedencia por coidado de familiares se terá dereito á reserva do propio posto de traballo e durante o resto de tempo de excedencia se terá dereito á reserva dun posto de traballo do mesmo grupo profesional ou categoría equivalente. En todo caso todo o período de excedencia por coidado de familiares será computable aos efectos de antigüidade.

Non obstante o anterior, se a persoa traballadora forma parte dunha familia que teña recoñecida a condición de familia numerosa, a reserva do posto de traballo será ata un máximo de 15 meses cando sexa unha familia numerosa de categoría xeral, e ata un máximo de 18 meses se é de categoría especial.

c) Cuestións comúns.- Durante os períodos de excedencia non se poderá realizar actividade algunha que supoña concorrencia ou competencia ca empresa.

Salvo nos supostos de excedencia voluntaria, para os que se prevé unha regulación específica de prazo de preaviso, nos casos nos que alguén queira facer uso do seu dereito á excedencia, haberá de solicita-lo á empresa cunha antelación mínima de tres meses á data en que pretenda pasar a situación de excedencia, salvo nos casos fortuítos que non puideran preverse con antelación, nos que o prazo de preaviso se reducirá a 15 días.

Artigo 14º.- Protección da vida familiar.- Sen perxuizo do regulado ao respecto no vixente Estatuto dos Traballadores establécense, para o ámbito de aplicación do presente Convenio, as seguintes previsión en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral:

a) Suspensión con reserva do posto de traballo.- Será de aplicación o establecido no artigo 48 do Estatuto dos Traballadores para as suspensións por nacemento e coidado do menor; por adopción, garda con fins de adopción

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

e acollemento; e por risco durante o embarazo ou durante a lactación, que darán dereito ao cobro do subsidio ou prestación correspondente ao cargo do INSS.

As persoas traballadoras vítimas de violencia de xénero, de conformidade co previsto no artigo 45.1 n) do Estatuto dos Traballadores, terán dereito a suspender o contrato de traballo tendo a suspensión unha duración inicial que non poderá exceder de 6 meses agás que das actuacións de tutela xudicial resultase que se require a continuidade da suspensión.

b) Acumulación da lactación de fillo menor de nove meses.- A persoa traballadora, pola súa vontade, poderá acumular o permiso por lactación que se prevé no artigo 11.13 do presente Convenio nun período de 17 días naturais.

c) Redución da xornada por garda legal de menores e outros supostos.- Nos supostos previstos no artigo 37.6 do Estatuto dos Traballadores (garda legal de menores ou coidado de familiares) o traballador ou traballadora terá dereito a unha redución da xornada diaria, coa diminución proporcional do salario, nos termos previstos en tal artigo.

A maiores, no ámbito de aplicación do presente Convenio a persoa traballadora terá dereito a unha redución da xornada de traballo diaria nos termos temporais e salariais previstos no artigo 37.6 do Estatuto dos Traballadores por coidado directo de menor ata que este cumpra 14 anos.

d) Redución da xornada por nacemento de fillos/as prematuros ou que deban permanecer hospitalizados.- Nestes casos a nai ou o pai terán dereito a ausentarse do traballo durante unha hora. Así mesmo, terán dereito a reducir a súa xornada ata un máximo de dous horas, coa diminución proporcional do salario.

e) Redución da xornada da traballadora vítima de violencia de xénero.- A persoa traballadora vítima de violencia de xénero terá dereito, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, á redución da xornada, con diminución proporcional do salario, ou á reordenación do tempo de traballo a través da adaptación do horario, da aplicación de horario flexible ou outras formas de ordenación do tempo de traballo que se empreguen na empresa. Tamén terán dereito a realizar o seu traballo total ou parcialmente a distancia ou a deixar de facelo se este fose o sistema establecido, sempre en ambos dous casos que esta modalidade de prestación de servizos sexa compatible co posto e funcións desenvolvidas pola persoa traballadora.

Artigo 15º.- Salario base.-

Incremento salarial

Páctase para o período que vai dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2026 un incremento sobre os salarios vixentes para cada un dos grupos e niveis na anualidade 2025 dun 7%, incremento que terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2026. Axúntase ao presente Convenio, identificada como Anexo I, a táboa salarial de 2026 resultado de aplicar o incremento indicado.

Para o período que vai dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2027 o salario de convenio será, para cada un dos grupos e niveis, o resultado de aplicar incremento do 3% sobre os salarios definitivos da anualidade 2026. Axúntase ao presente Convenio, identificada como Anexo II, a táboa salarial provisional de 2027 resultado de aplicar o incremento indicado. Para o caso de que operase para esta anualidade a cláusula de revisión prevista no presente artigo, as partes asinantes elaborarán e publicarán a táboa salarial definitiva 2027. Para o caso de non operar a cláusula de revisión, a táboa salarial provisional ficará definitiva.

Para o período que vai dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2028 o salario de convenio será, para cada un dos grupos e niveis, o resultado de aplicar incremento do 3% sobre os salarios definitivos da anualidade 2027. Axúntase ao presente Convenio, identificada como Anexo III, a táboa salarial provisional de 2028 resultado de aplicar o incremento indicado. Para o caso de que operase para esta anualidade a cláusula de revisión prevista no presente artigo, as partes asinantes elaborarán e publicarán a táboa salarial definitiva 2028. Para o caso de non operar a cláusula de revisión, a táboa salarial provisional ficará definitiva.

Para o período que vai dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2029 o salario de convenio será, para cada un dos grupos e niveis, o resultado de aplicar incremento do 3% sobre os salarios definitivos da anualidade 2028. Axúntase ao presente Convenio, identificada como Anexo IV, a táboa salarial provisional de 2029 resultado de aplicar o incremento indicado. Para o caso de que operase para esta anualidade a cláusula de revisión prevista no presente artigo, as partes asinantes elaborarán e publicarán a táboa salarial definitiva 2029. Para o caso de non operar a cláusula de revisión, a táboa salarial provisional ficará definitiva.

Revisión salarial

Establécese, para cada unha das anualidades de vixencia do presente Convenio, unha cláusula de revisión de xeito que, se o IPC real do ano anterior a cada anualidade fose superior á porcentaxe de incremento pactada para esa anualidade, revisaranse as táboas salariais ata un límite do 2,5%, revisión que non terá efectos retroactivos, servindo de base para aplicar o incremento pactado para a seguinte anualidade.

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

Atrasos

Os atrasos por diferenzas de salarios consecuencia da entrada en vigor do presente Convenio aboaranse ás persoas traballadoras no prazo de dous meses a contar dende a publicación do Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Non obstante o anterior, para o caso de que teña lugar a extinción do contrato de traballo dun traballador ou traballadora dentro deste período de abono dos atrasos do Convenio, ditos atrasos serán abonados conxuntamente coa liquidación de salarios correspondente, sen prexuízo de que teña lugar a cotización destes atrasos conxuntamente coa do resto de persoas traballadoras da empresa conforme ao prazo establecido no parágrafo anterior.

Artigo 16º.- Antigüidade Consolidada.- Habida conta da modificación pactada no Convenio Colectivo para o ano 1997 en relación aos aumentos periódicos por ano de servicio na empresa que se viñan devengando ata o ano 1997 por porcentaxes segundo anos de antigüidade na empresa, modificación que supuxo a desaparición deste concepto a partires do ano 1997 co fin de favorecer a permanencia das persoas traballadoras, co mantemento das cantidades que se viñan percibindo por este concepto a 31 de Decembro de 1997, durante a vixencia do presente Convenio figurará na nómina ou recibo de salarios o concepto de "antigüidade consolidada", non suxeito a incrementos, para aquelas persoas traballadoras que xa o viñan percibindo.

Artigo 17º.- Gratificacións extraordinarias.- Todo o persoal afectado polo presente Convenio percibirá tres pagas ou gratificacións extraordinarias, consistentes nunha mensualidade do salario base e "antigüidade consolidada" dos salarios do presente Convenio correspondentes ao ano no que se devengan.

As pagas extraordinarias serán abonadas do seguinte xeito:

- Paga extraordinaria de marzo: Se devenga do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de cada anualidade, aboándose dentro do primeiro trimestre da anualidade seguinte polo importe proporcional ao tempo de traballo da anualidade anterior.
- Paga extraordinaria de xullo: Aboarase o 15 de xullo de cada anualidade.
- Paga extraordinaria de Nadal: Aboarase o 22 de decembro de cada anualidade.

O importe das ditas gratificacións se devengará en proporción ao tempo de traballo, computándose como tal o correspondente a enfermidade xustificada, accidente de traballo, vacacións e outros servicios retribuídos.

Artigo 18º.- Quebranto de moeda.- Con efectos do mes de publicación do presente Convenio no BOP, e habida conta dos cambios pactados en materia de clasificación profesional, desaparece o concepto de quebranto de moeda, non devengándose novas contías por este concepto.

O importe do quebranto de moeda dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o mes anterior á publicación do presente Convenio no BOP será de 30,00€ mensuais.

Artigo 19º.- Traballo en domingos e festivos.- O persoal que traballe en domingos e festivos percibirá a retribución, incluído o salario habitual, que a continuación se sinala por cada xornada completa para cada anualidade:

2026: 143,38 euros

2027 -contía provisional-: 147,68 euros

2028 -contía provisional-: 152,11 euros

2029 -contía provisional-: 156,67 euros

Para o caso de que opere, en algunha ou todas as anualidades de vixencia, a revisión pactada no artigo 15 do presente Convenio, as partes asinantes publicarán a contía definitiva da retribución por traballo en domingos e festivos xunto coas táboas salariais definitivas da anualidade.

Artigo 20º.- Traballadores/as en cámaras de conxelación e condutores/as-repartidores/as en vehículos frigoríficos.- Quen traballe en cámaras de conxelación, con independencia de que sexa dotado de pezas de roupa adecuadas ao seu cometido así como dos Epis (equipos de protección individual) que resulten da avaliación de riscos laborais, percibirá unha gratificación do 25% do seu salario base sempre e cando traballe máis do 25% da súa xornada en ditas cámaras.

Os condutores/as-repartidores/as de vehículos frigoríficos percibirán un plus mensual nas seguintes contías:

2026: 37,45 euros.

2027 -contía provisional-: 38,57 euros.

2028 -contía provisional-: 39,73 euros.

2029 -contía provisional-: 40,92 euros.

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

Para o caso de que opere, en algunha ou todas as anualidades de vixencia, a revisión pactada no artigo 15 do presente Convenio, as partes asinantes publicarán a contía definitiva do plus de condutores/as-repartidores/as de vehículos frigoríficos xunto coas táboas salariais definitivas da anualidade.

Artigo 21º.- Axudas de custo e quilometraxe.- O persoal con dereito a axuda de custo percibirá, á elección da empresa, ben gastos a xustificar, ben os importes por axuda de custo completa e media axuda (xantar ou cea) nos seguintes importes:

Dende a publicación do presente Convenio no BOP e ata o 31 de decembro de 2026: axuda de custo completa 56,71€ e media axuda de custo 16,66€.

2027 -contías provisionais-: axuda de custo completa 58,41€ e media axuda de custo 17,16€.

2028 -contías provisionais-: axuda de custo completa 60,16€ e media axuda de custo 17,67€.

2029 -contías provisionais-: axuda de custo completa 61,96€ e media axuda de custo 18,20€.

Para o caso de que opere, en algunha ou todas as anualidades de vixencia, a revisión pactada no artigo 15 do presente Convenio, as partes asinantes publicarán a contía definitiva das axudas de custo xunto coas táboas salariais definitivas da anualidade.

Quen, por necesidades do servizo, teña que desprazarse fóra do lugar onde radique o seu centro de traballo empregando o seu vehículo particular, percibirá por este concepto a cantidade de 0,26 euros/quilómetro.

No caso de que, durante a vixencia do presente Convenio, se modificase o límite do quilometraxe non gravado polo IRPF e non cotizable –na actualidade 0,26€/quilómetro-, se revisará a contía do quilometraxe prevista no presente artigo ata alcanzar o novo límite non gravado.

Esta indemnización non operará cando se trate do desprazamento que a persoa traballadora teña que realizar ao seu centro de traballo para prestar servizos neste.

Artigo 22º.- Nocturnidade.- As persoas traballadoras que presten servicios en horario nocturno (entre as 22 e as 6 horas) percibirán un plus de nocturnidade consistente nun 20% do salario base correspondente ao grupo profesional que se abonará en proporción ao tempo traballado en dita situación.

Dito plus operará unicamente nos supostos nos que a lo menos un 25% da xornada da persoa traballadora teña lugar en horario nocturno.

Artigo 23º.- Compensación por enfermidade ou accidente de traballo.- As empresas completarán as prestacións de IT ata o cen por cen do salario real nos seguintes casos:

a) Accidente de traballo e enfermidade profesional, dende o día seguinte ao inicio da baixa.

b) Hospitalización da persoa traballadora, dende que comence ata que remate esta.

c) Hospitalización domiciliaria da persoa traballadora, dende que comence ata que remate esta.

d) Intervención cirúrxica, dende o inicio da hospitalización ata que remate esta e mais os 14 días seguintes, que terán a consideración de días de convalecencia.

As empresas completarán as prestacións de IT ata o cen por cen do salario de Convenio para cada categoría profesional a partires dos 50 días do comenzo da IT por enfermidade común ou accidente non laboral. Para as ITs que se inicien dende a publicación do presente Convenio no BOP non operará o límite dos 50 días dende o comenzo da IT, operando en consecuencia o complemento dende o primeiro día da baixa.

O importe a percibir non poderá ser nunca superior ao que se percibise en situación de alta no traballo.

Artigo 24º.-Xubilación parcial

As empresas e o persoal traballador poderán acordar a xubilación parcial sempre que se cumpran os requisitos legalmente previstos en materia de idade, antigüidade na empresa, período de carencia e outros. Nestes supostos, a empresa e o persoal traballador poderán, de mutuo acordo, acumular a xornada que subsista para o traballador/a parcialmente xubilado anualmente a xornadas completas, sexa nun único prazo ou en varios prazos temporais.

Artigo 25º.- Modalidades de contratación.-

A) Contratos de formación en alternancia.- A retribución das persoas traballadoras contratados para a formación en alternancia será como mínimo do 90% e do 95%, respectivamente durante o primeiro e segundo ano de Contrato, do salario do grupo profesional no que se estean a formar, en proporción ao tempo de prestación de traballo na empresa. En ningún caso a retribución poderá ser inferior ao salario mínimo interprofesional en proporción ao tempo de traballo efectivo.

B) Contratos formativo para a obtención da práctica profesional.- A duración deste contrato non poderá superar os 12 meses. A retribución das persoas traballadoras cun contrato formativo para a obtención da práctica profesional será do 90% do salario do grupo profesional do que fagan prácticas. En ningún caso a retribución poderá ser inferior ao salario mínimo interprofesional en proporción ao tempo de traballo efectivo.

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

C) Contratos de duración determinada regulados no Artigo 15.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2015 polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.-

Estes contratos poderán celebrarse cunha duración máxima de 12 meses.

D) Contrato a tempo parcial.-

A regulación desta modalidade contractual virá determinada polo establecido no vixente Estatuto dos Traballadores coas seguintes especificacións:

- Naqueles supostos nos que a xornada a tempo parcial exceda de catro horas diarias, a xornada farase de xeito continuado.
- Co obxectivo de que as persoas contratadas a tempo parcial que estean interesadas e veñan realizando horas complementarias podan ampliar a súa xornada semanal, se lles recoñece o dereito a solicitar a consolidación como xornada do 50% das horas complementarias realizadas, por motivos estruturais, da media nos últimos 15 meses, sempre que o traballador/a realizara horas complementarias, por dita causa, a lo menos durante 12 meses nese mesmo período.

Artigo 26º.- Indemnización por fin de contratos temporais.- Á finalización dos contratos temporais, agás os de substitución, se terá dereito a percibir indemnización na contía establecida na lexislación vixente.

Non haberá dereito ao cobro da indemnización prevista no presente artigo se o persoal rescindise voluntariamente o seu contrato de traballo ou si, rematado o contrato, continuase na empresa cun contrato indefinido.

Artigo 27º.- Compromiso de emprego estable.- Co fin de acadar unha maior estabilidade no emprego, as partes asonantes acordan fomenta-la contratación indefinida, establecendo un cadro de persoal fixo mínimo nas empresas de mais de 5 persoas traballadoras e ata 30 persoas traballadoras do 60% e, nas empresas de máis de 30 persoas traballadoras do 70%.

Aos efectos do cálculo do cadro de persoal fixo das empresas, tomarase en conta a media dos últimos 24 meses.

Exceptúanse do previsto no presente artigo as empresas de nova creación e as empresas que durante a vixencia do Convenio incrementen o seu cadro de persoal total de modo significativo, entendéndose que ten lugar incremento significativo cando incrementen o número de persoas traballadoras da empresa a lo menos nun 30%.

As empresas exceptuadas conforme ao previsto no parágrafo anterior contarán cun período de carencia de dous anos para o cumprimento do cadro de persoal fixo mínimo de xeito que, ao cumprirse 3 anos, ben dende a creación da empresa, ben dende o incremento significativo do emprego, ditas empresas haberán de cumprir o cadro de persoal fixo mínimo tomándose como referencia a media do cadro de persoal fixo dos últimos 12 meses.

Artigo 28º.- Cese voluntario.- Cando unha persoa da organización desexe cesar de xeito voluntario na empresa, haberá de comunicalo por escrito á dirección da empresa cunha antelación mínima de 15 días. A falta de preaviso, total ou parcial, dará lugar ao desconto salarial equivalente aos días omitidos.

Se o contrato de traballo é de duración determinada superior ao ano, a parte do contrato que formule a denuncia estará obrigada a notificar á outra a terminación do mesmo cunha antelación mínima de 15 días. A falta de preaviso, total ou parcial, dará lugar ao desconto salarial equivalente aos días omitidos.

O previsto no presente artigo non operará no caso de cese ou terminación de contrato durante o período de proba.

Artigo 29º.- Dereitos sindicais.- As empresas poñerán a disposición dos Comités de Empresa ou Delegados e Delegadas de Persoal, o oportuno taboleiro de anuncios para uso sen prexuízo de poder mantelo para outros nos que así se teña autorizado.

As empresas poderán deducir, a través da nómina, as cotas correspondentes aos afiliados das Centrais Sindicais asinantes do presente convenio. Os interesados deberán solicitalo por escrito á Dirección da empresa.

A partires da publicación do presente Convenio no BOP poderán acumularse en un ou varios dos compoñentes da Comité de Empresa ou dos Delegados de Persoal os créditos de horas establecidos no artigo 68 do Estatuto dos Traballadores sen rebasar en ningún caso o crédito máximo total mensual legalmente previsto. A central sindical interesada nesta acumulación haberá de notificar por escrito á empresa a súa vontade de acumular o crédito horario cunha antelación mínima de 15 días naturais ao inicio do mes ou período no que teña efecto a acumulación identificando ao representante ou representantes que ceden as súas horas; ao representante ou representantes que reciben as horas acumuladas; o numero de horas que se ceden; e o total acumulado por representante.

Artigo 30º.- Póliza de Seguros.- As empresas están obrigadas a concertar, con primas íntegras ó seu cargo, unha póliza de seguros que cubra, nos casos de Accidente Laboral con resultado de morte e invalidez permanente total, absoluta e grande invalidez, a contía de 26.000 euros.

A partires do 1 de xaneiro de 2027 a cobertura do seguro referido no parágrafo anterior será de 28.000,00 euros.

A referida póliza soamente abranguerá os procesos iniciados a partir da vixencia e validez da mesma.

Para os efectos deste artigo, a calificación de accidente de traballo e o grao de invalidez, será a que fixen os órganos administrativos ou, no seu caso xurisdicionais competentes.

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

As indemnizacións que sexan percibidas con cargo á póliza que se regula neste artigo, consideraranse entregadas a conta das indemnizacións que, no seu caso, puidesen declarar con cargo a empresa, compensándose ata onde aquelas alcancen.

Artigo 31º.- Réxime Disciplinario.-

1. As presentes normas de réxime disciplinario perseguen o mantemento da disciplina laboral, aspecto fundamental para a normal convivencia, ordenación técnica e organización da empresa, así como para a garantía e defensa dos dereitos e intereses lexítimos de traballadores/as e empresarios.

2. As faltas, sempre que sexan constitutivas dun incumprimento contractual culpable da persoa traballadora, poderán ser sancionadas pola dirección da empresa de acordo coa gradación que se establece no presente artigo.

3. Toda falta cometida por os/as traballadores/as se clasificará en leve, grave ou moi grave.

4. A falta, sexa cal fora a súa calificación, requirirá comunicación escrita e motivada da empresa á persoa traballadora.

5. A imposición de sancións por faltas moi graves será notificada aos representantes legais dos traballadores/as, se os houbera.

Gradación das faltas.

1. Se considerarán como faltas leves:

a) A impuntualidade non xustificada na entrada ou na saída do traballo ata tres ocasións nun mes por un tempo total inferior a vinte minutos.

b) A inasistencia inxustificada ao traballo dun día durante o período dun mes.

c) A non comunicación coa antelación previa debida da inasistencia ao traballo por causa xustificada, salvo que se acreditara a imposibilidade da notificación.

d) O abandono do posto de traballo sen causa xustificada por breves períodos de tempo e sempre que eso non causara risco á integridade das persoas ou das cousas, en cuxo caso poderá ser calificado, segundo a gravidade, como falta grave ou moi grave.

e) A desatención e falta de corrección no trato co público cando non prexudiquen gravemente a imaxe da empresa.

f) Os descoidos na conservación do material que se tivera a cargo ou fose responsable e que produzan deterioros leves deste.

g) A embriaguez non habitual no traballo.

2. Se considerarán como faltas graves:

a) A impuntualidade non xustificada na entrada ou na saída do traballo en tres ocasións nun mes por un tempo total de ata sesenta minutos.

b) A inasistencia inxustificada ao traballo de dous a catro días durante o período dun mes.

c) O entorpecemento, a omisión maliciosa e o falseamento dos datos que tiveran incidente na Seguridade Social.

d) A simulación de enfermidade ou accidente, sen prexuízo do previsto na letra d do número 3.

e) A suplantación de outro traballador/a, alterando os rexistros e controis de entrada e saída ao traballo.

f) A desobediencia ás ordes e instrucións de traballo, incluídas as relativas ás normas de seguridade e hixiene, así como a imprudencia ou descoido no traballo, salvo que de elas derivaran prexuízos graves á empresa, causaran avarias ás instalacións, maquinarias e, en xeral, bens da empresa ou comportaran risco de accidente para as persoas, en cuxos casos serán consideradas como faltas moi graves.

g) A falta de comunicación á empresa dos danos ou anormalidades observados nos útiles, ferramentas, vehículos e obras ao seu cargo, cando de elo se derivara un prexuízo grave á empresa.

h) A realización sen o oportuno permiso de traballos particulares durante a xornada, así como o emprego de útiles, ferramentas, maquinaria, vehículos e, en xeral, bens da empresa para os que non estivera autorizado ou para usos alleos aos do traballo encomendado, incluso fora da xornada laboral.

i) O quebrantamento ou a violación de segredos de obrigada reserva que non produza grave prexuízo para a empresa.

j) A embriaguez habitual no traballo.

k) A falta de aseo e limpeza persoal cando poida afectar ao proceso produtivo ou á prestación do servizo e sempre que, previamente, mediara a oportuna advertencia da empresa.

l) A execución deficiente dos traballos encomendados, sempre que de iso non se derivara prexuízo grave para as persoas ou as cousas.

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

m) A merma do rendemento normal no traballo de xeito non repetido.

n) As ofensas de palabra proferidas ou de obra cometidas contra as persoas, dentro do centro de traballo, cando revistan acusada gravidade.

o) A reincidencia na comisión de cinco faltas leves, aínda que sexan de distinta natureza e sempre que mediara sanción distinta da amoestación verbal, dentro dun trimestre.

3. Se considerarán como faltas moi graves:

a) A impuntualidade non xustificada na entrada ou na saída do traballo en dez ocasións durante seis meses ou en vinte durante un ano debidamente advertida.

b) A inasistencia inxustificada ao traballo durante tres días consecutivos ou cinco alternos nun período dun mes.

c) O fraude, deslealdade ou abuso de confianza nas xestións encomendadas ou a apropiación, hurto ou roubo de bens propiedade da empresa, de compañeiros ou de outras persoas dentro das dependencias da empresa.

d) A simulación de enfermidade ou accidente ou a prolongación da baixa por enfermidade ou accidente coa finalidade de realizar calquera traballo por conta propia ou allea.

e) O quebrantamento ou violación de segredos de obrigada reserva que produza grave prexuízo para a empresa.

f) A embriaguez habitual ou toxicomanía se repercute negativamente no traballo.

g) A realización de actividades que impliquen competencia desleal á empresa.

h) A merma voluntaria e continuada no rendemento do traballo normal ou pactado.

i) A inobservancia dos servizos de mantemento no caso de folga.

j) O abuso de autoridade exercido por os que desempeñan funcións de mando.

k) O acoso sexual e moral.

l) A reiterada non utilización dos elementos de protección en materia de seguridade e hixiene, debidamente advertida.

m) As derivadas dos apartados 1d e 2l e m do presente artigo.

n) A reincidencia ou reiteración na comisión de faltas graves, considerando como tal aquela situación na que, con anterioridade ao punto da comisión do feito, a persoa traballadora fora sancionada dous ou máis veces por faltas graves, aínda de distinta natureza, durante o período dun ano.

Sancións.

1. As sancións máximas que poderán impoñerse pola comisión das faltas enumeradas nos apartados anteriores son as seguintes:

a) Por falta leve: Amoestación verbal ou escrita e suspensión de emprego e soldo de ata 2 días.

b) Por falta grave: Suspensión de emprego e soldo de 3 a 14 días.

c) Por falta moi grave: Suspensión de emprego e soldo de 14 días a un mes, e despido disciplinario.

2. A prescrición das sancións se producirá ao cumprirse os prazos de dous, catro ou oito meses, segundo se trate de falta leve, grave ou moi grave.

Artigo 32º.- Comisión de Saúde Laboral.- As partes asinantes acordan constituír unha Comisión Paritaria Provincial Sectorial de Saúde Laboral, integrada por dous representantes da central sindical UGT e un número igual de representantes da Asociación de Empresarios de Comercio de Alimentación de Lugo.

Ámbalas representacións comprométense a manter reunións periódicas, previa convocatoria da calquera das partes con 15 días de antelación.

As funcións básicas da Comisión de Saúde Laboral terán como obxectivos prioritarios:

1º.- Promove-la observancia das disposicións legais vixentes para a previsión dos riscos profesionais no ámbito do sector.

2º.- Prestar asesoramento aos empresarios/as e traballadores/as para evitar e/ou reduci-los riscos que atenten á integridade física e saúde das persoas traballadoras.

3º.- Dar a coñece-las normas e procedementos que en materia de seguridade e hixiene diten os Organismos especializados nesta materia.

4º.- Solicitar informes sobre os resultados estatísticos dos recoñecementos médicos que realicen as persoas traballadoras deste sector.

Cantas outras funcións a Comisión se atribúa orientadas ó desenvolvemento e mellora da seguridade e hixiene no traballo no sector na provincia de Lugo.

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

Artigo 33º.- Mobilidade Xeográfica.-

a).- Desprazamento.- as empresas poderán desprazar ó seu persoal a outros centros de traballo distintos de aquel no se presten servicios, fundamentando dito desprazamento en razóns técnicas, organizativas ou de produción.

b).- Traslado.- enténdese por traslado o desprazamento a outro centro de traballo que implique un cambio de domicilio. Enténdese que un desprazamento implica cambio de domicilio cando o centro de traballo de novo destino diste máis de 35 quilómetros do seu centro de traballo actual ou do seu domicilio actual. Os traslados referidos neste apartado non poderán ser utilizados para a substitución de traballadores/as en situación de Incapacidade Temporal -I.T.-.

Para os supostos de traslado de persoal polos motivos previstos no Estatuto dos Traballadores, establécense os seguintes mecanismos:

- Posibilidade de acudir ós mecanismo do AGA se existe desacordo por parte da persoa traballadora afectada cos motivos alegados pola empresa.
- Recuperación do posto de traballo no caso de laudo ou sentencia favorable á persoa traballadora.
- Preaviso de 30 días de antelación.
- Prazo de incorporación ó novo centro de traballo de 15 días.
- Os traslados no terán unha duración inferior a 12 meses nun período de 3 anos.
- Se por traslado un dos cónxuxes cambia de residencia, o outro, se fose traballador/a da mesma empresa, terá dereito ó traslado á mesma localidade.

Os casos de traslado darán lugar ó devengo pola persoa trasladada dos seguintes conceptos compensatorios:

- Billete para o traballador/a e os familiares que vivan ás súas expensas.
- Transporte de mobiliario, roupa e utensilios do fogar.
- Indemnización consistente en dúas veces o salario base mensual da súa categoría profesional, nun único pago.
- Compensación durante doce meses da diferencia do coste da vivenda en aluguer (vivenda das mesmas características).
- Notificada a decisión de traslado, a persoa traballadora poderá optar pola extinción do seu contrato percibindo unha indemnización de 25 días de salario por ano de servicio, rateándose por meses os períodos inferiores ó ano, e cun máximo de 12 mensualidades.

Artigo 34º.- Clasificación do persoal.- O persoal ao servizo das empresas afectadas por este convenio colectivo queda encadrado en algúns dos seguintes grupos profesionais en función dos diferentes factores de encadramento profesional.

As definicións contidas para cada grupo profesional non son exhaustivas seno meramente enunciativas.

Definición dos factores que inflúen na determinación da pertenza a un determinado grupo profesional.

I. Coñecementos.-Factor para cuxa elaboración se ten en conta, ademais da formación básica necesaria para poder cumprir correctamente o cometido, o grado de coñecemento e experiencia adquiridos, así como a dificultade na adquisición de ditos coñecementos ou experiencias.

II. Iniciativa/autonomía.-Factor no que se ten en conta a maior ou menor dependencia a directrices ou normas e a maior ou menor subordinación no desenvolvemento da función que se desenrole. Este factor comprende tanto a necesidade de detectar problemas como a de improvisar solucións aos mesmos.

III. Complexidade.-Factor cuxa valoración está en función do maior ou menor número, así como do maior ou menor grado de integración dos restantes factores enumerados na tarefa ou posto encomendado.

IV. Responsabilidade.-Factor en cuxa elaboración se ten en conta o grado de autonomía de acción do titular da función e o grado de influencia sobre os resultados e importancia das consecuencias da xestión.

V. Mando.-É o conxunto de tarefas de planificación, organización, control e dirección das actividades de outros, asinadas pola dirección da empresa, que requiren dos coñecementos necesarios para comprender, motivar e desenvolver ás persoas que dependen xerarquicamente do posto.

1.- Grupos Profesionais

Grupo I:

Están comprendidos neste grupo aqueles traballadores/as que coordinan, dirixen, establecen e crean políticas xerais, prácticas normativas e procedementos amplos, con alto grado de autonomía a partires de directrices xerais.

Se integra neste grupo profesional ao persoal que executa traballos que supoñen a realización de tarefas complexas e heteroxéneas, con obxectivos xerais definidos e alto grado de exixencia en autonomía, iniciativa e responsabilidade.

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

Xestiona e supervisa os recursos humanos ao seu cargo orientándoos hacia o logro dos obxectivos, e exerce funcións de responsabilidade sobre organizacións complexas, en canto á consecución de resultados, implantación e xestión en xeral, informando acerca das normas de seguridade e velando polo seu cumprimento.

Exercen a supervisión ao través de mandos intermedios, ao fin de conseguir os obxectivos operacionais marcados.

Postos de traballo indicativos:

Nivel A: directores/as xerais

Nivel B: xefes/as de división

Nivel C: encargados/as xerais; xefes/as de persoal; xefes/as de compras; xefes/as de ventas

Grupo II:

Están comprendidos neste grupo aqueles traballadores/as cuia actividade se desenvolve baixo especificacións precisas e con certo grado de autonomía, pudendo coordinar o traballo dun equipo, e para cuio desenvolvemento se require unha pericia ou habilidade sistemática en actividades e/ou procesos técnicos, comerciais, informáticos ou administrativos, estando ou non estandarizados.

Se integra neste grupo profesional, o persoal con titulación a nivel de escola superior ou de grado medio ou facultades, complementadas con estudios específicos, e aquelas outras con formación teórica, ou adquiridas na práctica, ata un nivel equivalente a titulado medio ou similar.

Realizan por definición as mesmas tarefas do grupo III, pero con absoluta autonomía, xa que con o superior avalían o resultado final, previamente concretado nos obxectivos xerais, pero non así os métodos os cales son decididos autonomamente.

Todo elo comporta unha gran aportación dos coñecementos persoais técnicos, necesitando identificar a información que require o desempeño do traballo, e executar accións que conduzan á aparición da información e a seu tratamento.

Estes coñecementos técnicos poden substituírse por un coñecemento e formación axeitada, que permita a colaboración na xestión de recursos humanos, realizando accións encamiñadas a orientar o comportamento do equipo de especialistas ou profesionais cuias tarefas comparten e que xestionan hacia o logro dos obxectivos, supervisando as funcións que desenvolven, e exercendo funcións encamiñadas á consecución de resultados, implantación e xestión na súa área de actividade, consistente en unha organización simple.

Postos de traballo indicativos:

Nivel A: xefes/as de área; xefes/as administrativos

Nivel B: xefes/as de sucursal ou supermercado; xefes/as de almacén; xefes/as de grupo; xefes/as de sección administrativa

Nivel C: encargados/as de establecemento; vendedores/as; compradores/as; xefes/as de sección servizos

Grupo III:

Se integra neste grupo o persoal que executa traballos que requiren iniciativa, especialización, e coñecemento total (técnico e profesional) do oficio desempeñado, responsabilizándose do traballo efectuado seguindo instrucións dos seus superiores.

As funcións poden implicar desconforta temporal ou esforzo físico.

En consecuencia realiza tamén as tarefas básicas do oficio ou posto desempeñado no grupo IV, pero a aplicación dos seus coñecementos engade valor na manipulación do produto.

O posto pode implicar coordinación de outras persoas en organizacións simples seguindo instrucións dos responsables xerárquicos, a la vez que poden coordinar as tarefas dun equipo participando na execución das mesmas.

Postos de traballo indicativos:

Nivel A: dependentes; oficiais administrativos; operadores/as de máquinas contables; contables

Nivel B: Corredores de praza; vixiantes; profesionais de oficio de 1ª; cobradores/as

Nivel C: Profesionais de oficio de 2ª

Con efectos do mes da publicación do presente Convenio no BOP inclúense nos postos de traballo indicativos do Grupo III, Nivel C, os postos de caixeiros/as.

No caso de realización de tarefas que impliquen a condución de vehículos, a adscrición ao Nivel B) requirirá estar en posesión do permiso de conducir de 1ª especial ou 1ª, mentres que a adscrición ao Nivel C) requirirá estar en posesión do permiso de conducir de 2ª ou 3ª clase. En ambos casos as tarefas abarcarán a conservación do vehículo, a reparación de pequenas avarías tanto en ruta como no garaxe, o transporte, o cobro e facturación das mercadorías de acordo cas instrucións que reciba, e a participación na carga e descarga.

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

Grupo IV:

Se integra neste grupo profesional o persoal que realiza tarefas e/ou funcións que se executan segundo instrucións concretas, claramente establecidas, con un método de traballo preciso e con un alto grado de dependencia xerárquica e/ou funcional, que poden requirir esforzo físico e/ou atención, así como axeitados coñecementos profesionais e/ou aptitudes prácticas e cuxa responsabilidade está limitada por unha supervisión directa.

As funcións poden implicar desconforta temporal ou esforzo físico.

Postos de traballo indicativos:

Nivel A: axudantes; auxiliares administrativos; mozos especializados; caixeiros

Nivel B: auxiliares de caixa

Nivel C: mozos; empaquetadores/as

Os niveis B e C terán a consideración de niveis de entrada -no caso do nivel B para traballadores/as de entrada no Grupo IV con tarefas que impliquen a responsabilidade de efectuar operacións monetarias- accedendo ao nivel A aos tres anos de experiencia nos niveis de entrada (B e C).

Con efectos do mes de publicación do presente Convenio no BOP elimínase o posto de caixeiro/a como posto de traballo indicativo do Grupo IV, Nivel A como consecuencia de incluírse na relación do postos de traballo indicativos do Grupo III, Nivel C, e pasan a incluírse os auxiliares de caixa nos postos de traballo indicativos do Grupo IV, Nivel A.

2.- Outras cuestións xerais respecto á clasificación profesional:

No caso de encomenda de funcións superiores ás do grupo profesional por un período superior a tres meses durante un ano ou oito durante dous anos, se poderá reclamar o ascenso, se a elo non obsta o disposto no convenio colectivo ou, en todo caso, a cobertura da vacante correspondente ás funcións por el realizadas conforme ás regras en materia de ascensos aplicables na empresa, sen perxuizo de reclamar a diferencia salarial correspondente.

3.- Táboa de equivalencias Grupos Profesionais-Postos de traballo indicativos

Dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o mes anterior á publicación do presente Convenio no BOP

GRUPO I	Nivel I.A)	Director
	Nivel I.B)	Xefe de División
	Nivel I.C)	Encargado Xeral; Xefe de Persoal, Xefe de Compras, Xefe de Ventas

GRUPO II	Nivel II.A)	Xefe de Área, Xefe Administrativo
	Nivel II.B)	Xefe de Sucursal ou Superm.; Xefe Almacén, Xefe Grupo, Xefe Secc. Adva .
	Nivel II.C)	Encargado establecemento, Vendedor, Comprador, Xefe Secc. Serv

GRUPO III	Nivel III.A)	Dependente, oficial advo ou operador máquinas contables, contable
	Nivel III.B)	Corredor de Praza, Vixiante, Profesional Oficio 1ª, Cobrador
	Nivel III.C)	Profesional Oficio 2ª

GRUPO IV	Nivel IV.A)	Axudante, Auxiliar advo, Mozo especializado, Caixeiro
	Nivel IV.B)	Auxiliar Caixa
	Nivel IV.C)	Mozo, Empaquetador

Dende o mes da publicación do presente Convenio no BOP

GRUPO I	Nivel I.A)	Director
	Nivel I.B)	Xefe de División
	Nivel I.C)	Encargado Xeral; Xefe de Persoal, Xefe de Compras, Xefe de Ventas

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

GRUPO II	Nivel II.A)	Xefe de Área, Xefe Administrativo
	Nivel II.B)	Xefe de Sucursal ou Superm.; Xefe Almacén, Xefe Grupo, Xefe Secc. Adva .
	Nivel II.C)	Encargado establecemento, Vendedor, Comprador, Xefe Secc. Serv

GRUPO III	Nivel III.A)	Dependente, oficial advo ou operador máquinas contables, contable
	Nivel III.B)	Corredor de Praza, Vixiante, Profesional Oficio 1ª, Cobrador
	Nivel III.C)	Profesional Oficio 2ª, Caixeiro

GRUPO IV	Nivel IV.A)	Axudante, Auxiliar advo, Mozo especializado, Auxiliar Caixa
	Nivel IV.B)	Mozo, Empaquetador

Artigo 35º.- Parellas de feito.- As referencias feitas neste Convenio ao cónxuxe, entenderanse así mesmo feitas ao compañeiro/a que, en situación estable e acreditada no rexistro correspondente, conviva co traballador/a.

Artigo 36º.- Roupa de traballo.- Ás persoas traballadoras que proceda por exixirlles a empresa o uso de uniforme, se lles proveerá obrigatoriamente ao comezo da relación laboral de dito uniforme en número de dous uniformidades, repoñéndose estes por unidades en anualidades sucesivas ou, no seu caso, por cambio en todo ou parte do uniforme segundo temporada.

Tales prendas de traballo, de uso obrigatorio na xornada laboral, haberán de ser conservadas en correcto estado de hixiene.

Artigo 37º. Desconexión dixital.- As partes asinantes do presente Convenio coinciden na necesidade de impulsar o dereito á desconexión dixital unha vez rematada a xornada laboral.

A tales efectos, con carácter xeral as empresas comprométense a non enviar mails ou mensaxes profesionais fora do horario de traballo salvo nos casos de concorrencia de situacións ou circunstancias imprevistas que fixeran imposible a remisión da mensaxe dentro da xornada de traballo, e sempre que a mensaxe non poida esperar, por razóns organizativas de carácter urxente, á seguinte xornada de traballo. En ningún caso terá a consideración de vulneración do previsto no presente artigo a remisión de mails ou mensaxes para o envío de documentación periódica (recibos de salarios ou similares) ou de contido informativo xeral nin a remisión de mails ou mensaxes a aquelas persoas traballadoras que estean á disposición da empresa e perciban por elo unha retribución, entendendo que a persoa terá o deber de atender as comunicación da empresa de conformidade coas normas que regulen o réxime de dispoñibilidade.

Fora das excepcións indicadas no parágrafo anterior, recoñécese o dereito do traballador/a non responder á mensaxe profesional remitido fora do horario de traballo, non podéndose adoptar calquera medida disciplinaria ou despido que teña como base a non atención das comunicacións fora da xornada laboral.

Artigo 38º. Prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo.- As partes asinantes comparten o compromiso de contribuír coa maior eficacia á prevención de riscos laborais e á redución da sinistralidade laboral no sector, e entenden que a negociación colectiva é unha ferramenta óptima para a consecución destes obxectivos.

Nesta liña, as partes asinantes do presente Convenio fan súas as regulacións contidas no artigo 16 do Acordo Marco do Sector de Distribución Comercial de Alimentación publicado no BOE de 5 de agosto de 2026.

Artigo 39º. Igualdade e protección ás traballadoras vítimas de violencia de xénero ou de violencia sexual.- As partes asinantes son conscientes da necesidade de continuar a traballar na igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no ámbito laboral sectorial do comercio de alimentación e entenden que a negociación colectiva é unha ferramenta óptima para loitar contra a discriminación e transverslizar o principio de igualdade ao abordar todos os ámbitos das condicións de traballo: acceso ao emprego, retribución, formación, mobilidade, seguridade e saúde laboral, tempo de traballo, etc.

Nesta liña, as partes asinantes do presente Convenio fan súas as regulación contidas nos artigos 11 e seguintes do Acordo Marco do Sector de Distribución Comercial de Alimentación publicado no BOE de 5 de agosto de 2026 relativos ao conxunto planificado das medidas para a igualdade e non discriminación das persoas LGTBI; protección das traballadoras vítimas de violencia de xénero ou de violencia sexual; e igualdade real e efectiva para as mulleres.

A maiores, e manifestando os asinantes o seu máis profundo rexeitamento a calquera tipo de situación, actitudes e comportamentos constitutivos de acoso sexual ou acoso por razón de sexo ou psicolóxico, acórdase regular as situacións constitutivas de acoso a través do Protocolo Anexo ao Acordo Marco do Sector de Distribución Comercial de Alimentación publicado no BOE de 5 de agosto de 2026.

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

O Protocolo identificado no parágrafo anterior, así como as medidas para a igualdade e non discriminación das persoas LGTBI, terán carácter supletorio ou subsidiario, sendo de aplicación nas empresas que non teñan aprobado o seu propio Protocolo/Medidas, xa sexa no marco dun Plan de Igualdade ou non.

Artigo 40º. Protocolo de actuación fronte a catástrofes e fenómenos meteorolóxicos adversos.- Ao fin de dispor de ferramentas para a xestión de xeito anticipado e ordenado de situacións de catástrofes e outros fenómenos meteorolóxicos adversos que exixan a protección das persoas traballadoras e do tecido produtivo, as partes asinantes fan súas as as medidas e recomendacións establecidas ao efecto no Acordo Marco do Sector de Distribución Comercial de Alimentación publicado no BOE de 5 de agosto de 2026 -artigo 15-, tendo estas carácter supletorio ou subsidiario, sendo de aplicación nas empresas que non teñan aprobado o seu propio Protocolo.

ANEXO I

TÁBOA SALARIAL 2026

CONVENIO COMERCIO ALIMENTACIÓN LUGO

Vixencia: 01/01/2026 ata o mes anterior á publicación do Convenio no BOP

		Soldo mes	Retrib. Anual
GRUPO I	Nivel A)	1.585,77	23.786,55
	Nivel B)	1.509,36	22.640,40
	Nivel C)	1.490,30	22.354,50

		Soldo mes	Retrib. Anual
GRUPO II	Nivel A)	1.443,10	21.646,50
	Nivel B)	1.402,73	21.040,95
	Nivel C)	1.330,74	19.961,10

		Soldo mes	Retrib. Anual
GRUPO III	Nivel A)	1.325,06	19.875,90
	Nivel B)	1.307,08	19.606,20
	Nivel C)	1.261,27	18.919,05

		Soldo mes	Retrib. Anual
GRUPO IV	Nivel A)	1.220,63	18.309,45
	NIVEL B)	1.193,19	17.897,85
	Nivel C)	1.171,93	17.578,95

Notas:

(1) Como consecuencia dos cambios acordados no artigo 34 de Clasificación Profesional a categoría de Caixeiro/a devengará salarios do Grupo IV, Nivel A dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o mes anterior á publicación do Convenio no BOP e salarios do Grupo III, Nivel C dende o mes de publicación do Convenio no BOP.

(2) Como consecuencia dos cambios acordados no artigo 34 de Clasificación Profesional a categoría de Auxiliar de Caixa devengará salarios do Grupo IV, Nivel B dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o mes anterior á publicación do Convenio no BOP e salarios do Grupo IV, Nivel A dende o mes de publicación do Convenio no BOP.

(3) Como consecuencia dos cambios acordados no artigo 34 de Clasificación Profesional o Grupo IV, Nivel C se renombra como Grupo IV, Nivel B dende o mes de publicación do Convenio no BOP.

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

ANEXO II

TÁBOA SALARIAL 2026

CONVENIO COMERCIO ALIMENTACIÓN LUGO

Vixencia: Dende o mes de publicación do Convenio no BOP ata 31/12/2026

		Soldo mes	Retrib. Anual
GRUPO I	Nivel A)	1.585,77	23.786,55
	Nivel B)	1.509,36	22.640,40
	Nivel C)	1.490,30	22.354,50

		Soldo mes	Retrib. Anual
GRUPO II	Nivel A)	1.443,10	21.646,50
	Nivel B)	1.402,73	21.040,95
	Nivel C)	1.330,74	19.961,10

		Soldo mes	Retrib. Anual
GRUPO III	Nivel A)	1.325,06	19.875,90
	Nivel B)	1.307,08	19.606,20
	Nivel C)	1.261,27	18.919,05

		Soldo mes	Retrib. Anual
GRUPO IV	Nivel A)	1.220,63	18.309,45
	Nivel B)	1.171,93	17.578,95

Notas:

(1) Como consecuencia dos cambios acordados no artigo 34 de Clasificación Profesional a categoría de Caixeiro/a devengará salarios do Grupo IV, Nivel A dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o mes anterior á publicación do Convenio no BOP e salarios do Grupo III, Nivel C dende o mes de publicación do Convenio no BOP.

(2) Como consecuencia dos cambios acordados no artigo 34 de Clasificación Profesional a categoría de Auxiliar de Caixa devengará salarios do Grupo IV, Nivel B dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o mes anterior á publicación do Convenio no BOP e salarios do Grupo IV, Nivel A dende o mes de publicación do Convenio no BOP.

(3) Como consecuencia dos cambios acordados no artigo 34 de Clasificación Profesional o Grupo IV, Nivel C se renombra como Grupo IV, Nivel C dende o mes de publicación do Convenio no BOP.

ANEXO III

TÁBOA SALARIAL PROVISIONAL 2027

CONVENIO COMERCIO ALIMENTACIÓN LUGO

Vixencia: 01/01/2027 a 31/12/2027

		Soldo mes	Retrib. Anual
GRUPO I	Nivel A)	1.633,34	24.500,10
	Nivel B)	1.554,64	23.319,60
	Nivel C)	1.535,01	23.025,15

		Soldo mes	Retrib. Anual
GRUPO II	Nivel A)	1.486,39	22.295,85
	Nivel B)	1.444,81	21.672,15
	Nivel C)	1.370,66	20.559,90

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

		Soldo mes	Retrib. Anual
GRUPO III	Nivel A)	1.364,81	20.472,15
	Nivel B)	1.346,29	20.194,35
	Nivel C)	1.299,11	19.486,65

		Soldo mes	Retrib. Anual
GRUPO IV	Nivel A)	1.257,25	18.858,75
	Nivel B)	1.207,09	18.106,35

ANEXO IV

TÁBOA SALARIAL PROVISIONAL 2028

CONVENIO COMERCIO ALIMENTACIÓN LUGO

Vixencia: 01/01/2028 a 31/12/2028

		Soldo mes	Retrib. Anual
GRUPO I	Nivel A)	1.682,34	25.235,10
	Nivel B)	1.601,28	24.019,20
	Nivel C)	1.581,06	23.715,90

		Soldo mes	Retrib. Anual
GRUPO II	Nivel A)	1.530,98	22.964,70
	Nivel B)	1.488,15	22.322,25
	Nivel C)	1.411,78	21.176,70

		Soldo mes	Retrib. Anual
GRUPO III	Nivel A)	1.405,75	21.086,25
	Nivel B)	1.386,68	20.800,20
	Nivel C)	1.338,08	20.071,20

		Soldo mes	Retrib. Anual
GRUPO IV	Nivel A)	1.294,97	19.424,55
	Nivel B)	1.243,30	18.649,50

ANEXO V

TÁBOA SALARIAL PROVISIONAL 2029

CONVENIO COMERCIO ALIMENTACIÓN LUGO

Vixencia: 01/01/2029 a 31/12/2029

		Soldo mes	Retrib. Anual
GRUPO I	Nivel A)	1.732,81	25.992,15
	Nivel B)	1.649,32	24.739,80
	Nivel C)	1.628,49	24.427,35

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

		Soldo mes	Retrib. Anual
GRUPO II	Nivel A)	1.576,91	23.653,65
	Nivel B)	1.532,79	22.991,85
	Nivel C)	1.454,13	21.811,95

		Soldo mes	Retrib. Anual
GRUPO III	Nivel A)	1.447,92	21.718,80
	Nivel B)	1.428,28	21.424,20
	Nivel C)	1.378,22	20.673,30

		Soldo mes	Retrib. Anual
GRUPO IV	Nivel A)	1.333,82	20.007,30
	Nivel B)	1.280,60	19.209,00

R. 3201

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS. SERVIZO PROVINCIAL DE LUGO

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: FOMENTO DA MOBILIDADE SOSTIBLE. ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA LU-234. LUGO

Termo municipal: LUGO

Clave: LU/25/087.06

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 9 de decembro de 2026

Lugo, 19 de novembro de 2026.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

LISTAXE DE PROPIETARIOS

EXPEDIENTE:

CLAVE: **LU/25/087.06**

OBRA: **Fomento da mobilidade sostible. Itinerario peonil e ciclista na LU-234**

CONCELLO: **Lugo**

PREDIO	TITULAR/ES	DNI
222	AVILARBEIRO, S.L.	****1849*
13	ABEL SANCHEZ, JOSE	****2190*
17	ANSEDE PRADO, MARIA JOSE	****7026*
1	Axencia Galega Desenvolvemento Rural	****0273*
2	BELOY CORREDOIRA, MARIA PILAR PENAS BELOY, JESUS	****0900* ****3420*
18	CABADO BURGO, ANTONIO	****6275*
3	CARREIRA ABEL, CARLOS CARREIRA OTERO, MANUEL	****6044* ****1571*

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

PREDIO	TITULAR/ES	DNI
14	CARREIRA OTERO, MANUEL CARREIRA ABEL, CARLOS	****6044* ****1571*
16	CORDIDO VARELA, HECTOR JOSE CORDIDO VARELA, MARIA CARMEN CORDIDO VARELA, MARIA CELIA CORDIDO VARELA, MARIA JOSE	****2865* ****1517* ****6588* ****9434*
15	CRESPO CADAVEDO, ELISA LOPEZ CRESPO, MARIA LUISA LOPEZ CRESPO, SANTIAGO ANTONIO LOPEZ MENENDEZ, PEDRO LUIS	****5296* ****9963* ****8175* ****2954*
19	CRESPO CADAVEDO, ELISA LOPEZ CRESPO, MARIA LUISA LOPEZ CRESPO, SANTIAGO ANTONIO LOPEZ MENENDEZ, PEDRO LUIS	****5296* ****9963* ****8175* ****2954*
20	CRESPO CADAVEDO, ELISA LOPEZ CRESPO, MARIA LUISA LOPEZ CRESPO, SANTIAGO ANTONIO LOPEZ MENENDEZ, PEDRO LUIS	****5296* ****9963* ****8175* ****2954*
10	DAMIL VILLAMOR, ALBERTO DAMIL VILLAMOR, JOSE MIGUEL DAMIL VILLAMOR, MARIA GRACIELA DAMIL VILLAMOR, SANDRA MARIA	****0869* ****0868* ****6105* ****0867*
12	DAMIL VILLAMOR, ALBERTO DAMIL VILLAMOR, JOSE MIGUEL DAMIL VILLAMOR, MARIA GRACIELA DAMIL VILLAMOR, SANDRA MARIA	****0869* ****0868* ****6105* ****0867*
7	IGLESIAS FERNANDEZ, EVA MARIA	****3936*
5	LATAS NEIRA, MARIA CARMEN	****2861*
11	MARTINEZ PENA, MARIA LUZ	****7218*
8	MOURIZ PEÑA, JOSEFA (HROS)	****7851*
9	REAL ARIAS, ANA ISABEL	****6187*
4	RIVAS MARTINEZ, CARMEN	****0065*
6	VAZQUEZ PIÑEIRO, MARIA DE LA CRUZ	****1138*

R. 3202

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 24 DE NOVEMBRO DE 2026 NA QUE SE APROBA A LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS, COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E DATA DE CONSTITUCIÓN E REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DUNHA (1) PRAZA DE CONDUTOR/A, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE PERSOAL DE OFICIOS, GRUPO C – SUBGRUPO C1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADAS A PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

"Por acordo da Xunta de Goberno de data 10.10.2025, aprobáronse as bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas do cadro de persoal funcionario ou laboral, reservadas a promoción interna (vertical e/ou horizontal), cota xeral e cota de reserva a persoas con discapacidade, publicadas no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP) de Lugo núm. 238, do 16.10.2025.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 18.09.2026 aprobase a convocatoria e as bases específicas para a cobertura dunha (1) praza condutor/a, grupo C – subgrupo C1, do cadro de persoal funcionario, reservada a promoción interna vertical, incluída na OEP do ano 2026 e publicadas no BOP núm. 219, do 24.09.2026.

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

Rematado o prazo de presentación de solicitudes o 13.11.2026, e para cumprimento do establecido na convocatoria e nas Bases Xerais 6, 7 e 8.1.3.1, proponse á presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 54 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 03.09.2020), **RESOLVA**:

1º.- Aprobar a seguinte listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo:

A. **ADMITIDO:**

NÚMERO	APELIDOS E NOME
1	PILLADO REGO, MANUEL

B. **EXCLUÍDO:**

NÚMERO	APELIDOS E NOME	MOTIVO EXCLUSIÓN
1	SANTAEUFEMIA DE LA FUENTE, JESÚS	Non cumprir requisito esixido na base específica 4 (ser funcionario de carreira)

2º.- Nomear as persoas integrantes do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTA/E:

Titular: Dona Pilar Ferreiro Martínez, técnica de xestión no Servizo de RRHH e Asistencia Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

VOGAIS:

Titular: Don Héctor Diéguez Aranda, enxeñeiro/a camiños, canles e portos - adxunto ao xefe do Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Darío Ferreiro Otero, enxeñeiro/a camiños, canles e portos – adxunto ao xefe do Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

Titular: Dona Marta Herbón Meilán, enxeñeira técnica obras públicas, no Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Laura Santalla Castro, enxeñeira técnica obras públicas, no Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

Titular: Don Luis Miguel Notario Iglesias, capataz no Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Elías Vázquez Lorenzo, capataz no Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

SECRETARIO/A:

Titular: Don José Antonio Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona María Cristina González Santín, interventora adxunta no Servizo de Intervención da Deputación de Lugo.

COLABORADORA:

Dona Beatriz Valle Vara, auxiliar na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo ou Dona Ana Pereira Marzán, responsable coordinadora procesos selectivos na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

3º.- Citar ás persoas que forman parte do Tribunal, para que comparezan o **venres día 11 de decembro de 2026, ás 9 horas e 30 minutos,** nas aulas de formación da Deputación Provincial de Lugo, para a súa constitución.

4º.- Citar ás persoas que forman parte do Tribunal, para que comparezan o **venres día 18 de decembro de 2026, ás 9 horas e 30 minutos,** nas aulas de formación da Deputación Provincial de Lugo, ao obxecto de realizar o exercicio práctico, do proceso selectivo.

5º.- Publicar a presente resolución no *Boletín Oficial da Provincia*, na web corporativa da Deputación de Lugo, apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade.

Contra a presente resolución, que aproba a listaxe provisional, as persoas aspirantes disporán dun prazo de 10 días naturais, contados a partir do seguinte o da publicación da presente resolución no BOP, para presentar alegacións.

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

De non presentarse alegacións á listaxe provisional, considerarase esta definitiva, sen necesidade de nova publicación.

Contra a resolución que aprobe a listaxe definitiva poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da presidencia da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación no BOP, ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigo 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento, conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas."

Polo anteriormente exposto e, e uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Lugo, 25 de novembro de 2026.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3261

CONCELLOS

BÓVEDA

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA

Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga, rede de sumidoiros, recollida de lixo e canon da auga do 1º trimestre do exercicio 2025.

Por Resolución da Alcaldía, núm.: 2026-0706, de data 17/11/2026, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do Servizo de Abastecemento de Auga, Rede de Sumidoiros, Recollida de Lixo e Canon da Auga, correspondente ao 1º trimestre do exercicio 2025, así como a apertura dun período de información pública por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen oportunas, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formula ningunha reclamación contra o mesmo.

O prazo de cobro en período voluntario será de un mes: Dende o 1 de decembro de 2026 ao 31 de decembro de 2026.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións incorporadas ao mesmo e notificadas colectivamente mediante o presente anuncio, os interesados poderán interpoñer, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes, recurso previo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, de acordo con canto establece o artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co Concello serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Bóveda, 17 de novembro de 2026.- O alcalde – presidente, José Manuel Arias López.

R. 3203

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

CASTRO DE REI

Anuncio

Aprobación inicial do orzamento municipal para o exercicio 2027

Aprobado inicialmente polo Pleno do concello de Castro de Rei, en sesión celebrada o día 20 de novembro de 2026, o orzamento municipal para o exercicio 2027, así como a documentación complementaria, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, exponse ó público polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación do presente anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*. Durante este prazo, os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante o expresado prazo non se presentan reclamacións.

Castro de Rei, 23 de novembro de 2026.- O alcalde-presidente, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 3240

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN PREZO PUBLICO CONSERVATORIO 2FRACCION MATRICULA CURSO 2026-2027

Por Xunta de Goberno Local do día 16.11.2026 aprobouse o Padrón do Prezo Público Conservatorio Segunda Fracción Matrícula curso 2026-2027.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporanse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria , fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 25.11.2026 ata o 25.01.2027.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 18 de novembro de 2026.- O alcalde, P.D. Decreto de data 21.06.2023, a primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3204

Anuncio

APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA OUTUBRO 2026 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 16.11.2026 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei Dependencia mes de OUTUBRO 2026.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporanse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, e no seu caso, con disposto no artigo 13 da Ordenanza xeral dos ingresos municipais de dereito público, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 15.12.2026 ata 15.02.2027.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 18 de novembro de 2026.- O alcalde, P.D. Decreto de data 21.06.2023, a primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3205

Anuncio

APROBACION PADRÓN TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLAS DEPORTIVAS PRIMEIRA FRACCION CURSO 2026/2027.

Por acordo da Xunta de Goberno Local do día 16.11.2026 aprobouse o padrón pola Taxa prestación do servizo de escolas deportivas segunda fracción curso 2026/2027.

De acordo co artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporanse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co artigo 62.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 22.12.2026 ata 22.02.2027.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 18 de novembro de 2026.- O alcalde, P.D. Decreto de data 21.06.2023, a primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3206

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA.- SAF OUTUBRO 2026

Por Resolución de Alcaldía núm. 2026-0354, de data 13.11.2026, procedeuse á aprobación do Padrón Fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de outubro de 2026, o cal se expón ao público polo prazo de 20 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado polos/as interesados/as nas dependencias dos Servizos Sociais do Concello e presentar contra o mesmo as reclamacións que estimen oportunas, de xeito que dita publicación servirá de notificación colectiva, en cumprimento dos artigos 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e 24 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo.

A Pobra do Brollón, 13 de novembro de 2026.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 3207

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

RIBADEO

Anuncio

APROBACIÓN PROVISIONAL.

ORDENANZA FISCAL T26 PISCINA MUNICIPAL

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión ordinaria celebrada o día 10/11/2026, acordou provisionalmente a modificación da ORDENANZA FISCAL T26 TAXAS PISCINA MUNICIPAL.

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se non se presentan reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e procederase á súa publicación, xunto co texto íntegro da modificación da ordenanza no BOP, non entrando en vigor ata que esta teña lugar.

Ribadeo, 19 de novembro de 2026.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 3208

Anuncio

Por acordo plenario de 10/11/2026 acordouse por unanimidade prestar aprobación inicial á Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxis do Concello de Ribadeo, ordeando a publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia durante 30 días aos efectos de presentar alegacións conforme ao disposto no art. 49 da lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local.

O texto da ordenanza aprobado inicialmente é o que segue:

ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI DO CONCELLO DE RIBADEO

PREÁMBULO

TITULO I Obxecto e intervención municipal

Artigo 1.- Obxecto

Artigo 2.- Competencia municipal

Artigo 3.- Órganos competentes

TITULO II Os títulos habilitantes. As licenzas municipais

Artigo 4.- Os títulos habilitantes

Artigo 5.- Requisitos para ser titular de licencia municipal.

Artigo 6.- Limitación na titularidade de licenzas.

Artigo 7.- Procedemento de creación de novas licencias.

Artigo 8. Adxudicación de licenzas de taxi.

Artigo 9.- Suspensión de licenzas.

Artigo 10.- Visado e rehabilitación.

Artigo 11.- Vixencia das licenzas.

Artigo 12.- Transmisión de licenzas.

Artigo 13.- Rexistro.

TITULO III: Os vehículos

Artigo 14.- Normas xerais.

Artigo 15.- Características dos vehículos.

Artigo 16.- Taxímetro e indicadores externos.

Artigo 17.- Substitución de vehículos.

Artigo 18.- Modificación das características dos vehículos.

Artigo 19.-. Documentación a bordo do vehículo.

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

Artigo 20.- Taxis adaptados.
TITULO IV: Os condutores
Artigo 21. Persoas condutoras.
Artigo 22.- Persoal asalariado.
Artigo 23.- Capacitación profesional de persoas condutoras.
Artigo 24.- A tarxeta de identificación do condutor de taxi.
TÍTULO V: A prestación do servizo
Artigo 25-. Condicións de contratación do servizo
Artigo 26.- Ordenación do servizo.
Artigo 27.- Desenvolvemento do servizo.
Artigo 28.- Inicio do servizo e posta en marcha do taxímetro.
Artigo 29.- Facultades do concello de Ribadeo.
Artigo 30.- Contratación por medios telemáticos e reserva previa.
Artigo 31.- Servizos particulares.
TITULO VI Publicidade
Artigo 32.- Normas xerais.
TITULO VII: Réxime económico
Artigo 33.- Normas xerais.
TITULO VIII: Estatuto xurídico das persoas usuarias do taxi
Artigo 34.- Dereitos das persoas usuarias.
Artigo 35.- Deberes das persoas usuarias.
Artigo 36.- Dereitos das persoas profesionais do taxi.
Artigo 37.- Deberes das persoas profesionais do taxi.
Artigo 38.- Obxectos perdidos.
Artigo 39.- Situacións de emerxencia.
Artigo 40.- Descansos.
TÍTULO IX.- Infraccións e sancións
Artigo 41.- Infraccións moi graves.
Artigo 42.- Infraccións graves.
Artigo 43.- Infraccións leves
Artigo 44.- Sancións e procedemento sancionador
Artigo 45.- Prescrición das infraccións e sancións
Disposición Adicional Primeira
Disposición Transitoria Primeira
Disposición Transitoria Segunda
Disposición Transitoria Terceira
Disposición Transitoria Cuarta
Disposición Transitoria Quinta
Disposición Final Primeira
Disposición Final Segunda
Disposición Final Terceira
Anexo I Modelo de declaración responsable a efectos de visado.
Anexo II. Modelo de solicitude de transmisión de licenza de taxi “inter vivos”.

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

Anexo III. Modelo de solicitude de transmisión de licenza de taxi "mortis causa".

Anexo IV. Modelo de solicitude de substitución de vehículo adscrito a licenza de taxi.

Anexo V .Modelo de tarxeta de identificación da licenza de taxi.

Anexo VI. Modelo de tarxeta de identificación do condutor do taxi.

Anexo VII. Modelo de bases do procedemento para a obtención do permiso municipal de condución de taxis no municipio de Ribadeo.

Anexo VIII. Rotulación

ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI DO CONCELLO DE RIBADEO

PREÁMBULO

No Diario Oficial da Comunidade Autónoma de Galicia de data 14 de xuño e 2013 publícase a Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

A Comunidade Autónoma de Galicia promove así unha ordenación legal do sector do transporte público de persoas en vehículos de turismo.

A disposición derradeira terceira da citada norma concede aos Concellos un prazo dun ano dende a entrada en vigor da lei para a adaptación das súas ordenanzas ao previsto na mesma.

Ao anterior, compre engadir a plublicación no Diario Oficial da Comunidade Autónoma de Galicia de data 21 de outubro de 2018, do Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos turísticos en Galicia

Esta Ordenanza proponse de acordo co disposto na Lei 4/2013 do 30 de maio de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos turísticos en Galicia, xunto co artigo 25.2.l da Lei 7/85, de 2 de abril de bases de réxime local.

TITULO I

Obxecto e intervención municipal

Artigo 1.- Obxecto

1. A presente Ordenanza, ten por obxecto a regulación do réxime xurídico aplicable ao servizo de taxi dentro do término municipal de Ribadeo.

2. Considéranse servizos de taxi, o transporte público e discrecional de persoas viaxeiras realizado por persoas físicas en vehículos de turismo que contan con signos distintivos de taxi e que se realiza por conta allea mediante retribución económica suxeita a tarifa e dispoñendo dos correspondentes títulos habilitantes para a prestación do servizo.

3. No non previsto na presente Ordenanza, serán de aplicación directa as normas da Lei 4/2013 de 30 de maio e Regulamento da Lei 4/2013 aprobado por Decreto 103/2018, de 13 de setembro; e supletoriamente seguirase o Regulamento Nacional dos Servizos Urbanos de Transportes en Automóbiles Lixeiros, aprobado por Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, e as súas posteriores modificacións.

Artigo 2.- Competencia municipal

O Concello intervirá no servizo de taxis a través dos seguintes medios:

· Sometemento a licenza municipal previa.

· Fiscalización da prestación do servizo.

· Informe sobre a solicitude de revisión de tarifas do servizo.

· Calquera outra atribución na materia establecida nas normas legais ou regulamentarias.

Artigo 3.- Órganos competentes

As competencias municipais corresponden ós seguintes órganos, salvo delegación expresa de acordo co disposto na normativa sobre réxime local:

a) Pleno

· A aprobación inicial e definitiva da ordenanza, así como a aprobación das modificacións da mesma, sempre que supoña un cambio substancial no exercicio do servizo de taxi.

b) Alcalde

· O coñecemento e resolución dos expedientes sancionadores e a imposición de sancións.

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

· A concesión das licenzas municipais.

· A concesión dos permisos para conducir os vehículos do servizo público e a súa renovación.

· A autorización da transmisión das licenzas.

· A autorización para adscribir os vehículos ás licenzas e para a súa substitución.

· Ditar cantas normas sexan da súa competencia para mellor xestión do servizo público de taxi e as ordes individuais constitutivas de mandato que sexan necesarias.

· Fixar ou modificar as paradas do servizo público de taxi.

· Todas aquelas outras facultades que non estean expresamente outorgadas por esta Ordenanza ou por disposicións de rango superior ao Alcalde, corresponderán á Xunta de Goberno Local.

TITULO II

Os títulos habilitantes. as licenzas municipais.

Artigo 4.- Os títulos habilitantes

- 1. A prestación dos servizos de taxi está suxeita á obtención previa dos correspondentes títulos administrativos que habiliten ós seus titulares para exercer dita actividade.

Constitúe título habilitante a licenza municipal de taxi, que habilita para a prestación dos servizos urbanos de taxi e que é outorgada polo Concello.

Tamén constitúe título habilitante a autorización interurbana de taxi, que será outorgada pola consellería competente en materia de transportes.

Existirá una vinculación entre licenza de taxi e autorización interurbana de taxi, sendo preciso dispor de ambos títulos para a realización da actividade.

A prestación do servizo público regulado na presente Ordenanza estará suxeita á previa obtención de licenza municipal, que se outorgará de conformidade e cos requisitos esixidos na presente ordenanza municipal e o disposto na da Lei 4/2013 de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia, e o seu Regulamento.

- 2. A adxudicación a particulares de novas licenzas e autorizacións e a autorización da súa transmisión, xa sexa inter vivos ou mortis causa, e a substitución de vehículos ou a modificación das súas características, suxeitarase a un procedemento coordinado integrado polos seguintes trámites:

a) Solicitude da persoa interesada, que deberá dirixir ao concello, tanto en relación coa licenza municipal como coa autorización autonómica. A solicitude deberá ir acompañada da documentación precisa para acreditar os requisitos legal e regulamentariamente esixibles para resolvela favorablemente, e incluirá, en particular, a xustificación do pago das posibles taxas que se deban abonar tanto á Facenda local como á autonómica.

b) A solicitude anterior será tramitada polo concello de acordo co establecido con carácter xeral pola Lei 39/2015, do 1 de outubro.

c) Completada a tramitación, o concello poderá desestimar directamente a solicitude, se entende que non concorren os requisitos precisos para acceder ao solicitado desde o punto de vista das competencias municipais.

Se, pola contra, considera que si se dan eses requisitos, efectuará unha proposta de resolución nese sentido e remitirá esta, xunto con todo o expediente, ao órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, para que emita informe sobre a concorrencia das esixencias para completar o procedemento en relación coa autorización interurbana.

d) O informe terá carácter vinculante e deberá ser evacuado polo órgano que determine o decreto polo que se estableza a estrutura orgánica da consellería competente en materia de transporte, no prazo máximo que para cada caso especifícase na Lei 4/2013, do 30 de maio. Por tratarse dun informe preceptivo, de non emitirse no prazo sinalado poderá suspenderse o prazo máximo para resolver o procedemento nos termos establecidos nos artigos 22.1.d) e 80.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Atendendo á documentación achegada para a emisión do informe, á propia vixencia da mesma, ou a trámites preceptivos previstos con posterioridade en relación coa autorización, como o seu visado periódico, o informe especificará o seu prazo de validez, que en ningún caso poderá ser inferior a dous meses.

e) No caso de que o referido informe teña carácter desfavorable, o concello deberá ditar unha resolución desestimatoria da solicitude formulada, e notificarallo á persoa interesada.

Se, pola contra, o informe fose favorable, o concello completará o procedemento, esixindo da persoa interesada a achega daquela documentación complementaria da inicialmente achegada que resulte precisa para resolver, tales como a acreditación da titularidade e disposición efectiva do vehículo, a xustificación da existencia dun seguro suficiente xa en vigor, ou a situación de alta efectiva da actividade económica e na Seguridade Social. Feito isto, e agás que desta documentación dedúzase a imposibilidade de prestar o servizo, ditará unha resolución favorable

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

á petición da persoa interesada. Dita resolución seralle notificada a esta, con indicación de que a súa eficacia está condicionada á resolución favorable da Administración autonómica, e inscribirase no Rexistro de Títulos Habilitantes.

No caso de que transcorra o prazo de eficacia do informe sen que o concello dite e anote no Rexistro de Títulos Habilitantes a correspondente resolución, se retrotraerá o procedemento e o concello deberá solicitar un novo informe vinculante.

f) Unha vez que o concello dite a resolución e anótea no rexistro, o servizo de mobilidade correspondente resolverá sobre o procedemento que corresponda relacionado coa autorización interurbana ou sobre a transmisión desta, en coherencia co decidido no informe vinculante previo. Dita resolución seralle notificada á persoa interesada e inscribirase no Rexistro de Títulos Habilitantes.

De conformidade co artigo 17.5 da Lei 4/2013, do 30 de maio, no prazo máximo dun mes desde a notificación da autorización de transmisión da autorización interurbana de taxi deberá darse inicio efectivo ao exercicio da actividade. A mesma regra resultará de aplicación no suposto de outorgamento de novas autorizacións interurbanas de taxi.

3. Todas as comunicacións e a remisión de documentos ás que se refire o número anterior realizaranse polas administracións exclusivamente a través da plataforma informática en que se sustenta o Rexistro de Títulos Habilitantes para prestar servizos de taxi.

4. Aqueles procedementos que non se suxeiten ao procedemento coordinado previsto nos números anteriores someteranse, con todo, aos principios de coordinación e comunicación directa entre administracións por vía telemática.

5. As persoas interesadas poderán opoñerse aos informes vinculantes emitidos nos procedementos coordinados mediante a impugnación das resolucións administrativas que lles poñan fin, sen prexuízo do establecido no artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro (RCL 2015, 1477) , para os casos en que os citados informes vinculantes fosen contrarios ao solicitado ou concorra algún outro suposto no que, en atención ao referido precepto legal, devanditos informes sexan directamente recurribles.

6. Cando a impugnación, en vía administrativa, da resolución municipal que poña fin ao procedemento correspondente afecte as condicións establecidas no informe vinculante, o concello competente para resolver o recurso dará traslado deste ao órgano que o emitira, co fin de que este, se o considera oportuno, presente alegacións sobre aqueles aspectos relacionados co exercicio de competencias autonómicas no prazo de quince días. De emitirse en prazo, as citadas alegacións serán vinculantes para a resolución do recurso.

Artigo 5.- Requisitos para ser titular de licencia municipal.

1. Para a prestación do servizo de taxi, requírese a previa obtención da licencia municipal de taxi, concedida polo Concello.

2. Só poderán ser titulares de licenzas de taxis as persoas físicas que acrediten o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou dun Estado membro da Unión Europea, ou doutro país estranxeiro en que, en virtude de acordos, tratados ou convenios internacionais subscritos por España, non sexa esixible o requisito da nacionalidade ou contar coas autorizacións ou permisos de traballo que, de conformidade co disposto na lexislación sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, resulten suficientes para a realización da actividade de transporte no seu propio nome.

b) Acreditar a titularidade do vehículo en calquera réxime de utilización xuridicamente válido.

c) Xustificar o cumprimento das obrigas de carácter fiscal, laboral e social establecidas na lexislación vixente, e non ter débedas co Concello.

d) Acreditar o cumprimento dos requirimentos técnicos do vehículo de turismo que se vai adscribir á licenza.

e) Ter cuberta a responsabilidade civil polos danos que se poidan ocasionar na prestación do servizo.

f) Acreditar estar en posesión do certificado de aptitude profesional establecido por esta ordenanza.

g) Non estar incluído nun caso de incompatibilidade laboral para o exercicio da profesión.

h) Os demáis requisitos que se establezan regulamentariamente.

Artigo 6.- Limitación na titularidade de licenzas.

1. Unicamente se poderá ser titular dunha licenza municipal sen excepcións, e deberá ser explotada polo titular con plena e exclusiva dedicación á actividade de taxi.

2. Non se poderá ser titular de licenzas de taxis en distintos Concellos.

3. Cada licenza de taxi non poderá ter adscritos á mesma máis de dous condutores, incluída a persoa titular.

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

Artigo 7.- Procedemento de creación de novas licencias.

1. O procedemento de creación de novas licenzas virá determinado nun estudo no que se acreditará a necesidade e conveniencia da ampliación, en aras a lograr unha mellora e perfeccionamento do servizo, tendo en conta a oferta e a demanda, así como o incremento da poboación

2. No expediente que se tramite ó efecto solicitarase informe dos órganos competentes e darase audiencia ás asociacións profesionais de empresarios e traballadores representativos do sector e ás dos consumidores e usuarios.

Artigo 8. Adxudicación de licenzas de taxi.

1. As licenzas de taxi serán outorgadas polos municipios mediante concurso público, ao cal poderán presentarse as persoas que cumprisen os requisitos para ser titulares de licenzas de taxi.

2. Na convocatoria do concurso faranse constar os criterios de adxudicación, entre os cales se valorará de modo preferente a antigüidade como condutor ou condutora de taxi. Tamén serán obxecto de valoración a previa dedicación á profesión de taxista e que o vehículo de turismo que se pretenda adscribir á licenza de taxi sexa adaptado para o transporte de persoas con mobilidade reducida durante o tempo mínimo que se estableza na devandita convocatoria, no seu caso.

Artigo 9.- Suspensión de licenzas.

1. As licenzas de taxi poderán ser suspendidas temporalmente por un período máximo de dous anos nos seguintes casos:

a) Por solicitude da persoa titular, cando deba deixar de exercer a actividade temporalmente por unha causa xustificada.

b) De oficio, nas transmisión forzosas, cando a persoa adxudicataria non reúna os requisitos para ser titular.

2. A persoa titular dun título habilitante poderá solicitar a suspensión temporal da súa vixencia en caso de accidente, avaría, enfermidade, incapacidade ou por calquera outra causa xustificada pola que deba deixar de exercer a actividade temporalmente.

3. A solicitude dirixirase ao concello que outorgase a licenza e irá acompañada da documentación precisa para acreditar a causa de suspensión que se alegue, podendo o concello solicitar calquera outra documentación que resulte necesaria para decidir sobre a suspensión e que non obre na súa poder, sen prexuízo do dereito da persoa interesada a non presentar aqueles documentos que xa se atopen en poder das administracións públicas ou fosen elaboradas por elas, de acordo cos artigos 53.1.d) e 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Á vista da devandita solicitude, o concello outorgará a suspensión ou a denegará mediante resolución motivada. En calquera caso, non procederá estimar unha solicitude de suspensión ata que transcorra un período de dous anos contados desde a data de finalización do anterior período de suspensión, excepto causas de forza maior debidamente acreditadas.

A resolución que se adopte será notificada á persoa interesada e tomarase asento dela no Rexistro de Títulos Habilitantes. A suspensión da licenza implicará a da autorización, polo mesmo período e baixo as mesmas condicións.

4. A suspensión outorgarase polo período mínimo imprescindible para salvar a dificultade que impida prestar o servizo, e, como máximo, por dous anos contados desde a data da resolución na que se estime a solicitude de suspensión, excepto no caso de que na data da solicitude xa concorrese a causa na que se funde dita suspensión, suposto no que se computará desde a data da devandita solicitude. No caso de que non resulte posible determinar no momento do outorgamento a duración daquel período, concederase polo prazo máximo indicado.

A suspensión poderá prorrogarse, a pedimento da persoa interesada e por unha soa vez, pola metade do período inicial outorgado e un máximo de tres meses, no caso de que persistan as circunstancias que a motivaron. Con todo, en ningún caso poderase superar o prazo máximo de dous anos desde o momento da solicitude inicial de suspensión.

Vencido o prazo de suspensión, a actividade deberá reiniciarse de maneira efectiva no prazo dun mes. Para o efecto, a persoa interesada deberá poñer en coñecemento do concello devandito reinicio. De non retomarse a actividade no prazo indicado, incorrerase en causa determinante da caducidade dos títulos habilitantes.

5. As solicitudes de suspensión entenderanse estimadas se no prazo de tres meses o concello non ditase e notificase resolución expresa. Do mesmo xeito, entenderanse estimadas as solicitudes de prórroga se non se ditase e notificase a resolución expresa no prazo dun mes, agás que se supere o prazo máximo de dous anos de duración da suspensión previsto no número anterior, caso no que a solicitude de prórroga entenderase desestimada na súa totalidade.

6. No caso de que, de conformidade co artigo 9 da Lei 4/2013, do 30 de maio, exista unha concentración de licenzas nunha mesma persoa titular, a suspensión regulada neste artigo afectará a todas elas, así como ás súas respectivas autorizacións interurbanas. Con todo, se o motivo de suspensión alegado refírese exclusivamente a algunha ou algunha delas, só esta ou estas serán obxecto de suspensión.

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

7. Transcorrido un mes dende a finalización do prazo de suspensión sen reanudarse efectivamente o servizo , incurrirase en causa de caducidade da licenza.

8. Autorizada a suspensión polo Concello, o titular deberá retirar do vehículo os distintivos que o identifican como taxi así, como o taxímetro que será comprobado polo Concello, e facer entrega no concello da licenza de taxi e do permiso municipal de condutor.

9. A solicitude de suspensión referida no punto primeiro deste artigo rematara no momento en que concorra algún dos supostos de transmisión forzosa previstos nesta Ordenanza.

Artigo 10.- Visado e rehabilitación.

1. A licenza está suxeita a visado periódico, sendo establecido a través da presente ordenanza o deber de visado con periodicidade cuatrianual.

2. O visado é a actuación pola cal os órganos competentes constatan de forma periódica que a persoa titular mantén as condicións que orixinariamente xustificaron o seu outorgamento e que constitúen requisitos para a súa validez, así como o pago das sancións impostas por resolución que poña fin á vía administrativa e o cumprimento daqueloutros requisitos que, aínda que non fosen esixidos orixinariamente, resulten, así mesmo, de obrigado cumprimento como son os relativos aos vehículos.

3. O visado municipal efectuarase mediante declaración responsable pola persoa titular da licenza que deberá presentar cada catro (4) anos, na que manifeste, baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos establecidos para o exercicio da actividade de taxi para a que lle habilita a licenza e que xustificaron o seu outorgamento, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá ao dispor da Administración cando se lle requira, e que se compromete a mantelas ata o próximo visado. O concello realizará a debida anotación no Rexistro de Títulos Habilitantes da presentación desta declaración.

4. A falta de visado en prazo determinará a extinción automática do correspondente título habilitante, sen necesidade dunha declaración da Administración nese sentido. Paralelamente, o non visado da licenza ou da autorización interurbana de taxi comportará automaticamente a extinción do outro título.

Con todo, os títulos así extinguidos poderán ser rehabilitados, no prazo dun ano desde o fin do prazo de visado, salvo renuncia expresa do seu titular á devandita rehabilitación.

Para o efecto, a persoa interesada terá que solicitar a rehabilitación ante a Administración competente sobre o título que non superou o visado, achegando a mesma documentación esixida para este. Unha vez que esta comprobe que se reúnen os requisitos para rehabilitar o título, resolverá en tal sentido e fará a correspondente anotación no rexistro. A rehabilitación do título que non fose visado orixinariamente comportará automaticamente a rehabilitación do outro que causase baixa pola falta de visado do primeiro, excepto no caso de que este tampouco se visou en prazo, suposto no que tamén deberá solicitarse e xustificarse a súa rehabilitación.

Artigo 11.- Vixencia das licenzas.

1. As licenzas teñen un prazo de vixencia indefinido, se ben a súa validez está condicionada ao visado periódico segundo o previsto na presente ordenanza.

2. As licenzas de taxi extínguense por algunha das seguintes causas:

a) Renuncia do titular ou falecemento, sen herdeiros.

b) Caducidade, nos casos de incumprimento polo titular das condicións que xustificaron o seu outorgamento.

c) Revogación por motivos de oportunidade.

3. A persoa titular da licenza de taxi poderá renunciar a esta en calquera momento, mediante comunicación remitida ao concello.

A renuncia debe ser clara, expresa e incondicionada. No caso de que a licenza se atope a nome dunha comunidade de persoas herdeiras, deberá ir subscrita por todas elas ou por representante con poder bastante para actuar en nome da mesma.

A renuncia á licenza implicará necesariamente e de maneira automática a do outro título, mesmo se a comunicación referísese só a un deles.

Para estes efectos, a Administración que reciba a comunicación de renuncia resolverá a extinción do título da súa competencia no prazo dun mes, anotaraa no Rexistro de Títulos Habilitantes e comunicaralla á Administración autonómica para o efecto da realización da anotación que a ela correspóndelle.

4. O falecemento da persoa titular sen deixar persoas herdeiras determinará a extinción dos títulos habilitantes para prestar servizos de taxi.

Para o efecto, o concello procederán á baixa dos devanditos títulos tan pronto como teñan coñecemento de tal circunstancia, e daranse traslado mutuo da mesma.

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

5. Declararase a caducidade das licencias nos seguintes casos:

a) Incumprimento do titular das condicións que xustificaron o outorgamento

b) Non iniciar o servizo transcorrido o prazo de suspensión

c) Non dedicación do titular á actividade (cando fose esixible) de forma única e exclusiva.

d) A obtención, xestión o explotación da licencia de calquera forma non prevista legalmente.

e) Permanecer devanditos títulos a nome dunha comunidade de persoas herdeiras máis aló dos límites temporais especificados no artigo 17.2 da Lei 4/2013, do 30 de maio, e no artigo 12.4 do regulamento.

f) Imposición da sanción de caducidade en caso de cometer unha infracción moi grave, de acordo co previsto no artigo 63.1 da Lei 4/2013, do 30 de maio.

A declaración de caducidade efectuarase despois de tramitar o oportuno procedemento, que se axustará ao previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no que se garantirá, en todo caso, a audiencia ás persoas interesadas. No suposto de caducidade previsto na letra f) do número anterior, esta tramitación e o trámite de audiencia estimarase realizada coa do correspondente procedemento sancionador, polo que a declaración de caducidade será declarada na propia resolución do referido expediente sancionador.

O procedemento poderá ser incoado polo concello ou polo servizo de mobilidade que corresponda. Unha vez concluído aquel con a declaración de caducidade do título, inscribirase a baixa no Rexistro de Títulos Habilitantes e daráselle traslado á outra Administración para que proceda a declarar tamén a caducidade do título da súa competencia, que será automática en virtude do disposto no artigo 15.2 da Lei 4/2013, do 30 de maio.

En todo caso, a extinción da licenza ou da autorización interurbana inscribirase no Rexistro de Títulos Habilitantes e implicará de maneira automática a extinción do outro título ao que estea vinculado de conformidade co artigo 15.2 da Lei 4/2013, do 30 de maio.

4. Revogaranse as licencias de taxi por motivos de oportunidade de interese publico, tales como circunstancias sobrevidas non imputables ao titular que aconsellase reducir o numero de licenzas por caida da demanda , exceso de oferta o circunstancias xustificadas.

Neste suposto o titular terá dereito á correspondente indemnización económica que se determinara de conformidade cos parámetros obxectivos que determinen o seu valor real no mercado e terase en conta o valor medio das transmisións realizadas nos últimos doce meses na cidade.

O procedemento de revogación iniciarase por acordo conxunto do Concello e a Dirección Xeral competente en materia de transportes da Comunidade Autónoma, a iniciativa de calquera de eles. Na tramitación do mesmo seguirase o previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, dándolle, en todo caso, audiencias as persoas interesadas, e rexíndose polo disposto expresamente no Regulamento da Lei 4/2013 aprobado por Decreto 103/2018, de 13 de setembro.

Artigo 12.- Transmisión de licenzas.

1. A transmisión de licenzas de taxi non se poderá autorizar cando concorran as seguintes causas:

a) Se non transcorreron dous anos dende a adquisición polo transmítente da condición de titular da licenza de taxi.

Esta limitación non será de aplicación en caso de xubilación, falecemento ou declaración de incapacidade para prestar o servizo de taxi.

b) Se o transmítente ou o adquirente non están ó día das obrigas tributarias e de seguridade social, e as relacionadas co servizo de taxi.

c) Se non estivesen satisfeitas as sancións pecuniarias impostas por resolución administrativa firme ó transmítente e ó adquirente derivadas do exercicio da actividade como taxista.

d) Se o adquirente xa é titular dunha licenza municipal de taxi, ou ten na súa posesión algunha licenza noutro municipio.

e) Se o adquirente estivese nalgunha circunstancia de incapacidade laboral para o exercicio da profesión .

f) Se o adquirente non reúne os requisitos para ser titular dunha licenza.

g) No caso de que a dirección xeral competente en materia de transportes da Xunta de Galicia emita informe desfavorable á transmisión proposta.

h) Calquera outras limitacións que se establezan na normativa que lle sexa de aplicación.

2. As licenzas poderán transmitirse "*inter vivos"* ou *"mortis causa*" previa autorización do Concello e sempre que á persoa que o solicite acredite que cumpre cos requisitos para ser titular da licenza, sen que a transmisión teña a consideración de novo título.

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

A autorización da súa transmisión, xa sexa "*inter vivos"* ou "*mortis causa"*, e a substitución de vehículos ou a modificación das súas características, suxeitarase a un procedemento coordinado integrado polos trámites establecidos no artigo 4.2 da presente Ordenanza.

O vehículo o que se refire a licenza pode ser o mesmo que o anterior cando o novo titular adquirise a súa disposición.

3. No suposto de falecemento da persoa titular os herdeiros adquirirán os dereitos e obrigacións inherentes. podendo figurar, en caso de que se constituíse, a nome dunha comunidade de herdeiros por un período máximo de 2 anos dende o falecemento do causante. Transcorrido o citado prazo as licenzas deberan constar a nome dunha persoa física, caducando en caso contrario.

De non existir heredeiros, a licencia quedará extinguida.

A solicitude de transmisión por causa de falecemento tramitaráse conforme o previsto no artigo 12 do Regulamento da Lei 4/2013 aprobado por Decreto 103/2018, de 13 de setembro, debendo acompañarse de orixinal ou fotocopia compulsada de certificado de defunción.

4. As licenzas poderán transmitirse *"inter vivos"* conforme establece a Lei 4/2013, debendo ser autorizada polo Concello, tras seguir o procedemento establecido no artigo 11 do Regulamento da Lei 4/2013 aprobado por Decreto 103/2018, de 13 de setembro e o procedemento coordinado establecido no artigo 4.2 da presente Ordenanza.

5. A transmisión da licenza de taxi estará condicionada, na súa eficacia, ao outorgamento da autorización interurbana de taxi ao novo titular. Para tal fin, unha vez autorizada a transmisión da licenza de taxi polo concello e unha vez rexistrada a nova titularidade no Rexistro de Títulos Habilitantes, a Xunta de Galicia resolverá sobre a transmisión da autorización interurbana de taxi de modo congruente co contido do informe previsto no punto 3 deste artigo. No prazo máximo dun mes desde a notificación da autorización de transmisión desta última deberá darse inicio efectivo ao exercicio da actividade.

6. As solicitudes de transmisión entenderanse desestimadas se no prazo de tres meses a administración competente non ditase e notificase resolución expresa.

7. A persoa que transmita unha licenza de taxi non poderá volver ser titular doutra licenza de taxi no mesmo municipio ata que transcorrese un período de cinco anos desde a transmisión.

8. Non se permite en ningún caso o arrendamento ou calquera outro negocio xurídico que comporte a cesión da explotación das licenzas o transmisión das mesmas e dos vehículos afectos a estas fóra do estipulado nesta ordenanza e na normativa que resulte de aplicación.

A cesión do uso da licenza ou calquera outro acto translativo de posesión desta que se realice sen a previa autorización do Concello contravindo as disposicións desta Ordenanza, será declarada nula e será obxecto de sanción.

Artigo 13.- Rexistro.

1. O Concello disporá de un rexistro público de licenzas no que figuren a identificación da persoa titular, o domicilio a efecto de notificación administrativas, o vehículo, os conducotres adscritos a licenza , súa vixencia e suspensión, e as infraccións cometidas e as sancións impostas.

2. O acceso, tratamento ou cesión de datos consignados no devandito rexistro axustarase á normativa vixente en materia de rexistros administrativos e protección de datos persoais, sendo públicos, en todo caso, os datos referidos á identificación do titular das licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi e dos vehículos e condutores ou condutoras adscritos ás mesmas, así como a vixencia, suspensión ou extinción dos títulos habilitantes.

3. O Concello comunicará e anotará todas las actuacións no Rexistro de títulos habilitantes para prestar servizos de taxi na Comunidade Autónoma de Galicia

TITULO III: Os vehículos

Artigo 14.- Normas xerais.

1. A prestación de servizos de taxi só poderá levar a cabo mediante vehículos que reúnan as condicións previstas na Lei 4 / 2013 , do 30 de maio e no Regulamento da Lei 4/2013 aprobado por Decreto 103/2018, de 13 de setembro, ou normativa que a sustitúa.

2. Os vehículos deberán estar debidamente matriculados e habilitados para circular, e ter ao día a última inspección técnica periódica que legalmente lles corresponda.

3. Os vehículos dedicados á prestación de servizos de taxi deberán estar adscritos a unha licenza e autorización interurbana en vigor, e a persoa titular destas haberá de dispoñer dun título xuridicamente válido que lle permita a súa utilización en forma suficiente para a adecuada prestación do servizo.

4. O número de prazas dos vehículos destinados ao servizo de taxi deberá axustarse ao disposto no artigo 25 da Lei 4/2013, do 30 de maio. Para o cómputo desas prazas, ademais da correspondente á persoa condutora, só se

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

terán en conta aquelas que resulten aptas para utilizar por calquera persoa usuaria. Quedarán, deste xeito, excluídas aquelas que teñan unhas dimensións reducidas en relación co resto de prazas do vehículo.

Artigo 15.- Características dos vehículos.

1. Os vehículos destinados a prestar servizos de taxi deberán estar clasificados na súa tarxeta de inspección técnica no grupo adecuado a tal fin, e reunirán, en todo caso, as seguintes características mínimas:

a) Dimensións mínimas e características do interior do vehículo e dos asentos que sexan precisas para proporcionarlle ás persoas usuarias a seguridade e comodidade propias deste tipo de servizo. Deberán contar cun mínimo de catro portas e unha capacidade de maleteiro non inferior a 330 litros, a cal se deberá alcanzar coa configuración de asentos e prazas máximas que teña autorizada nos títulos habilitantes; no caso de taxis adaptados, estarase á configuración propia dos vehículos desta tipoloxía.

Para os efectos do artigo 25.3 da Lei 4/2013, do 30 de maio (LG 2013, 197) , entenderase que o maleteiro é totalmente independente e diferenciado cando estea separado do habitáculo destinado a transportar a pasaxe por elementos físicos fixos, xa sexan permanentes ou removibles, que impidan o corremento de vultos entre ambos durante a marcha.

Non obstante o anterior, para o cómputo da capacidade do maleteiro terase en conta aquela que figure como oficial na ficha técnica ou que sexa certificada expresamente polo concesionario oficial para a configuración de asentos e prazas máximas que teña autorizados nos títulos habilitantes, ou aquela que expresamente certifique ou informe o fabricante ou concesionario oficial, tomando como base da devandita medición o espazo comprendido entre o respaldo da última fila de asentos, os repousacabezas da devandita fila e a porta traseira do vehículo.

Na certificación ou informe emitido polo fabricante ou concesionario oficial, deberá facerse constar que todas as prazas son aptas para utilizar polas persoas usuarias do servizo, e que ningunha delas ten dimensións reducidas en relación co resto das prazas.

b) Dispositivos de calefacción e aire acondicionado en correcto estado de funcionamento.

c) Pintura, distintivos e equipamentos que sexan esixidos regulamentariamente para unificar a imaxe do servizo de taxi na comunidade autónoma, así como, na súa falta, na licenza.

d) Placa de servizo público, ou « SP», visible, que irá instalada na parte dianteira e traseira dos vehículos.

e) Demais características, incluídas as relativas á accesibilidade, condicións de limpeza ou instalación de dispositivos de seguridade ou de comunicación que o órgano competente regule nas súas ordenanzas e que vaian dirixidas a garantir unha adecuada prestación do servizo.

2. Os vehículos non poderán ter unha antigüidade superior a dous anos, contados desde a súa primeira matriculación, no momento de adscribirse aos títulos habilitantes, excepto no suposto de transmisión ou cando con antelación xa estivesen adscritos a outros títulos habilitantes.

Así mesmo, os vehículos adscritos aos títulos habilitantes non poderán ter unha antigüidade superior a doce anos, contados desde a súa primeira matriculación, o ter o Concello de Ribadeo menos de 20.000 habitantes. No caso de que o vehículo alcance ditas antigüidades sen ser substituído por outro, declararase a caducidade da licenza.

No caso de substitución, o novo vehículo deberá ter unha antigüidade inferior á do vehículo substituído, e ter en todo caso menos de 4 anos.

3. Os vehículos de máis de 7 prazas que, de conformidade co artigo 25.2 da Lei 4/2013, do 30 de maio, deberán incorporar unha praza para o traslado de persoas en cadeira de rodas.

Artigo 16.- Taxímetro e indicadores externos.

1. Os vehículos que presten servizos de taxi deberán estar equipados cun aparello taxímetro e un módulo indicador.

2. O taxímetro estará situado de forma que resulte visible para as persoas usuarias e para os servizos de inspección. Para ese efecto, deberá indicar, como mínimo, o prezo do transporte, e estará iluminado cando se atope en funcionamento. O taxímetro haberá de permitir a aplicación das tarifas vixentes aplicables ao servizo e, no caso dos taxímetros instalados a partir de 14 de xullo de 2013, contará cun terminal que posibilite a emisión de recibos.

Así mesmo, o taxímetro deberá estar homologado e será sometido ao control metrolóxico establecido na normativa sectorial de aplicación.

3. O módulo indicador deberá ser luminoso, e irá colocado na parte dianteira do teito do vehículo. Estará destinado a indicar no exterior a tarifa que estea seleccionada no taxímetro, polo que deberá estar debidamente conectado con este.

O módulo informará, así mesmo, da dispoñibilidade do vehículo para prestar o servizo; a este efecto, indicará cunha luz verde a posición de libre.

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

Artigo 17.- Substitución de vehículos.

1. As persoas titulares de licenza para prestar o servizo de taxi poderán substituír o vehículo adscrito a estes, seguindo a tal fin o procedemento coordinado previsto no Regulamento de dsenrolo da da Lei 4/2013 aprobado por Decreto 103/2018, de 13 de setembro.

2. A solicitude de substitución identificará con claridade o número de licenza e de autorización interurbana, o vehículo orixinal e o substituto. A solicitude deberá ir acompañada, ademais, da documentación precisa para acreditar que o novo vehículo cumpre cos requisitos necesarios para adscribirse aos títulos habilitantes para prestar o servizo.

3. Para que a substitución poida ser autorizada, ademais de cumprir co resto de requisitos establecidos para poder adscribirse ao servizo, o vehículo substituto debe ser máis novo que o substituído, atendendo á data da súa primeira matriculación, e non superar as antigüidades máximas establecidas no Regulamento de dsenrolo da da Lei 4/2013 aprobado por Decreto 103/2018, de 13 de setembro.

Artigo 18.- Modificación das características dos vehículos.

1. No caso de que o vehículo adscrito a licenza para prestar servizos de taxi sufra modificacións substanciais nas súas características, deberá autorizarse a continuidade da vixencia da súa adscrición. A tales efectos, terán a consideración de modificacións substanciais das características do vehículo aquelas que afecten o seu peso máximo autorizado, á súa capacidade de carga, ao número de prazas, ou outras relacionadas directamente coa prestación e calidade do servizo público que fosen tidas en consideración no momento da súa adscrición inicial.

2. A tal fin, a persoa titular dirixirá a correspondente solicitude ao concello, indicando con claridade a modificación operada e acompañando a documentación que a xustifique. A solicitude será tramitada de acordo co procedemento coordinado previsto na sección 1ª do capítulo II do Regulamento de desenrolo da da Lei 4/2013 aprobado por Decreto 103/2018, de 13 de setembro.

Artigo 19.-. Documentación a bordo do vehículo.

1. Durante a realización dos servizos de taxi deberán levar a bordo do vehículo os seguintes documentos:

a) A copia da licenza e da autorización interurbana que habiliten para prestar o servizo, referidos ao vehículo do que se trate.

b) O permiso de circulación do vehículo, a súa ficha de características e a xustificación de que superou a inspección técnica (ITV) correspondente.

c) A póliza do seguro de circulación do vehículo.

d) O permiso de conducir da persoa condutora do vehículo.

e) O certificado de aptitude profesional da persoa condutora, no caso de que sexa esixible.

f) As follas de queixas e reclamacións axustadas á normativa vixente.

g) Un exemplar da Lei 4/2013, do 30 de maio (LG 2013, 197) , do sue Regulamento e desta Ordenanza.

h) As direccións e emprazamentos de centros sanitarios, comisarías de policía, bombeiros/ as e demais servizos de urxencia ou, na súa falta, navegador que as recolla.

i) Un plano e rueiro do Concello de Ribadeo, cando estea dispoñible, ou, na súa falta, un navegador actualizado.

l) Un exemplar oficial da tarifa vixente, que deberá estar tamén ao dispor das persoas usuarias en formato braille.

m) Unha copia do contrato de traballo da persoa condutora asalariada, no seu caso, e último TC2 ou documento que o substitúa.

n) A acreditación da verificación do taxímetro.

ñ) O contrato subscrito entre as partes para o caso de concertación previa con toma de persoas viaxeiras fora do termo municipal.

o) A tarxeta municipal de identificación.

2. No interior do vehículo, en lugar visible para todas as persoas ocupantes, deberá levar, ademais, un impreso no que figure o correspondente cadro de tarifas urbanas e interurbanas, con indicación de todos os suplementos, tarifas especiais e tarifas fixas que proceda aplicar, en especial con ocasión de traslados a aeroportos, portos e outros, así como da celebración de feiras e festas.

Artigo 20.- Taxis adaptados.

As persoas condutoras que presten o servizo do taxi han de axudar a subir e baixar do vehículo ás persoas con mobilidade reducida, a empregar os sistemas de retención, no seu caso, e a cargar no espazo do vehículo destinado para ese efecto os elementos que aquelas poidan necesitar para desprazarse.

Estas persoas poderán ir acompañadas de cans lazarillos ou de asistencia sen que iso supoña incremento do prezo do servizo.

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

TITULO IV: Os condutores

Artigo 21. Persoas condutoras.

1. Durante a prestación do servizo público de taxi, os vehículos deberán ser conducidos por unha única persoa condutora, xa sexa esta a titular da licenza e autorización interurbana ou outra que fose contratada laboralmente por esta a tal fin.

2. En todo caso, a persoa condutora deberá reunir, no momento de prestar o servizo, os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión e ter vixente o permiso de condución suficiente expedido polo órgano competente en materia de tráfico e seguridade viaria.

b) Dispoñer de certificado de aptitude profesional vixente para o exercicio da actividade de acordo co previsto regulamento.

c) Figurar dada de alta e ao corrente de pago no réxime correspondente da Seguridade Social.

Artigo 22.- Persoal asalariado.

1. A persoa titular dunha licenza e autorización interurbana de taxi deberá prestar o servizo persoalmente realizando labores de condución.

2. Non obstante o anterior, a persoa titular poderá contratar persoas condutoras asalariadas para prestar o servizo naquelas horas nas que non a realice ela directamente. Estas persoas asalariadas deberán estar contratadas en réxime laboral, figurando a xornada completa e con dedicación exclusiva, ou estar incluídas no réxime de persoal autónomo colaborador, de acordo coa lexislación laboral.

En ningún caso poderá ter adscritas máis de dúas persoas condutoras. Unha delas terá que ser a persoa titular.

Sen prexuízo do indicado, nos supostos de baixa médica por enfermidade ou declaración de incapacidade permanente revisable, por un período superior a 60 días e polo tempo que estas duren, poderase substituír á persoa condutora asalariada afectada, por un período igual ao da correspondente baixa ou declaración.

3. Unha persoa condutora, xa sexa titular ou asalariada, adscrita a unha licenza e autorización interurbana de taxi, non poderá conducir un vehículo distinto do correspondente aos devanditos títulos, aínda que ambos estivesen a nome dun mesmo titular.

4. A adscrición dunha persoa condutora asalariada a un título habilitante deberá ser autorizada polo concello ao que estea adscrita a licenza, previa solicitude para o efecto formulada pola persoa titular. O concello verificará que a persoa contratada reúne os requisitos precisos para realizar os servizos, e, previa a súa autorización, inscribiraa a continuación na sección correspondente do Rexistro de Títulos Habilitantes para prestar servizos de taxi.

Artigo 23.- Capacitación profesional de persoas condutoras.

1. A capacitación profesional para prestar servizos de taxi como persoa condutora virá acreditada polo correspondente certificado de aptitude profesional expedido polo Concello.

2. O certificado de aptitude profesional expedido polo Concello habilita exclusivamente para prestar servizos de taxi con vehículos adscritos a títulos habilitantes correspondentes ao Concello de Ribadeo, sen prexuízo da posibilidade de saír do termo municipal para prestar servizos interurbanos nos termos legalmente previstos.

3. Para obter o certificado de aptitude profesional o Concello convocará as correspondentes probas, que se axustarán aos principios de mérito, capacidade, igualdade e publicidade cada tres (3) anos.

Na convocatoria establecerase a documentación que deberá ser entregada xunto coa solicitude para o dereito á realización da proba por parte do interesado.

As probas que deberan superar os aspirantes serán as que determine o Concello.

Ós efectos da convocatoria citada, o interesado que desexe presentarse deberá cumprir os seguintes requisitos:

Aboar as taxas que en cada caso estableza a Ordenanza fiscal aprobada.

- Coñecer perfectamente o Concello de Ribadeo e os seus arredores, as súas vías públicas e a rede de estradas da comunidade autónoma, os lugares de interese turístico, oficinas públicas, centros sanitarios, dependencias oficiais e hoteis principais, así como os accesos e itinerarios máis directos para chegar a eles e a calquera punto do termo municipal.
- Coñecer as normas relativas ao servizo, así como as tarifas vixentes.
- Posuír coñecementos contables e fiscais básicos sobre a actividade do transporte de persoas viaxeiras en vehículos de turismo.
- A competencia no uso das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

- Ter os coñecementos oportunos para atender debidamente ás persoas usuarias en xeral e, en particular, a aquelas que teñan mobilidade reducida ou que presenten algunha discapacidade física ou psíquica, limitacións sensoriais ou que sexan mulleres gestantes.
- Posuír coñecementos básicos de primeiros auxilios.

4. Os certificados de aptitude profesional municipais terán unha validez de dez anos, podendo ser renovados polo mesmo período, sempre que o interesado acredite cumprir os requisitos necesarios para a obtención do devandito permiso, e acreditar o desempeño habitual da profesión durante o citado período o en toda caso con un mínimo de dous anos . En caso de non exercer a profesión durante o período mínimo esixible debera superar unha proba de aptitude.

Debe solicitarse a renovación do permiso con anterioridade ó vencemento do prazo de validez ata un máximo de dous meses antes.

De non solicitarse con anterioridade ao período de validez o dentro do prazo do mes inmediatamente posterior, deberan superar unha proba de aptitude

5. Os certificados de aptitude profesional municipais caducarán:

Polo transcurso do prazo de dez anos, sen ter solicitada a renovación.

Por xubilación do titular do permiso.

Cando o permiso de conducir fora retirado pola Autoridade administrativa ou xudicial competente, ou non fora renovado.

Nos demais casos previstos na Lei de seguridade vial e resto de normativa aplicable.

Artigo 24.- A tarxeta de identificación do condutor de taxi.

Para a adecuada identificación do condutor de taxi, o Concello expedirá a tarxeta de identificación de condutor que conterá unha fotografía do condutor, así como o nome. apelidos, número e data de validez do permiso de condutor de autotaxi; matrícula do vehículo e número da licencia a que se estea adscrito, así como a modalidade laboral na que presta servizo e o horario de traballo.

TÍTULO V: A prestación do servizo.-

Artigo 25-. Condicións de contratación do servizo

1. Con carácter xeral, a contratación do servizo de taxi farase pola capacidade total do vehículo, entendendo por tal o total de prazas autorizadas das que dispoña o vehículo para o transporte de persoas e os vultos cos que viaxen. O anterior entenderase sen prexuízo de que varias persoas compartan o vehículo, se así o acordan.

2. Excepcionalmente, o Concello poderá contratar coas persoas titulares de títulos habilitantes para desenvolver a actividade de taxi a prestación de servizos de transporte público regular de uso xeral, con suxeición á normativa xeral vixente para licitar e adxudicar este tipo de servizos.

Igualmente, nos termos da disposición adicional segunda da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, os taxis poderán prestar servizos públicos regulares de viaxeiros por estrada de uso xeral en réxime de subcontratación.

Artigo 26.- Ordenación do servizo

O Concello poderá regular, con suxeición á lexislación laboral e da Seguridade Social aplicable, e oídas as asociacións representativas do sector e o Consello Galego de Transportes, o réxime de horarios, calendarios, descansos, interrupcións da prestación do servizo e vacacións das persoas titulares das licenzas de taxi e das persoas condutoras, procurando que exista unha continuidade do servizo e tendo en conta a regulación adecuada da súa oferta.

1. As persoas que obteñan licenzas de taxi deberán iniciar a prestación do servizo no prazo máximo de sesenta días naturais, contados desde a data de concesión das mesmas. No caso de non poder iniciar o exercicio da actividade no prazo establecido no parágrafo anterior por causa de forza maior, o órgano municipal competente poderá outorgar unha prórroga, previa solicitude debidamente xustificada do interesado, que deberá ser realizada antes de vencer dito prazo.

Unha vez iniciada a prestación do servizo, os titulares de licenzas non poderán deixar de prestalo sen causa xustificada durante períodos superiores a trinta días consecutivos, ou sesenta alternos no transcurso de un ano. En todo caso se considerarán xustificadas as interrupcións do servizo durante o tempo no que a licenza se atope en situación de suspensión temporal de acordo co previsto no artigo 9 desta Ordenanza.

2. O horario establecido para o servizo diurno será de 6:00 a 22:00 horas e prestarase, como regra xeral, por un mínimo dun vehículo diario seguindo a orde correlativa de quendas por número de licenza. Este réxime poderá ser modificado ou ampliado nos seguintes supostos:

- Fins de semana, servizos nocturnos, tempada alta, festas patronais ou eventos que o precisen. Nestes casos, o Concello poderá decretar a ampliación obrigatoria das quendas, tanto en horario diurno como nocturno,

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

garantindo a dispoñibilidade dun mínimo de dúas (2) licenzas de taxi activas de xeito simultáneo para asegurar a correcta cobertura da demanda. A asignación destes vehículos realizarase respectando estritamente a orde correlativa por número de licenza.

3. Servizo nocturno

O servizo nocturno de garda comezará ás 22:00 horas e rematará ás 06:00 horas do día seguinte.

Este servizo prestarase diariamente cun mínimo dun vehículo e outro de retén. Excepcionalmente, durante a tempada alta, festas patronais ou eventos de especial afluencia segundo o disposto no punto 2 deste artigo, o servizo nocturno prestarase co citado mínimo de dúas (2) licenzas dispoñibles de xeito simultáneo.

A determinación das licenzas que deban prestar o servizo realizarase correlativamente, comezando pola licenza nº 1 e rematando pola última. O retén será o número de licenza correlativo seguinte ao que estea de garda, quedando de retén do último o primeiro na rotación.

O servizo será baixo demanda, con reserva previa no teléfono de contratación do servizo. O número de teléfono do servizo de taxi deberá estar permanentemente dispoñible e figurar de forma visible e accesible en toda a información de contacto e canles de procura oficiais.

O servizo realizarase na parada ou ben, en caso de non estar presencialmente na mesma, debe estar localizable a través do número de teléfono público de contacto. O tempo de resposta para comezar a prestar o servizo demandado será como máximo de 30 minutos.

4. Ningunha licenza poderá saltarse a realización das gardas nocturnas salvo baixa laboral. Excepcionalmente, en caso de avaría suficientemente acreditada do vehículo co que se presta o servizo, estará exonerado de prestalo pero deberá coordinarse con outro titular de licenza de taxi para que o supla.

5. Previo informe das asociacións representativas dos titulares de licenzas e dos usuarios e consumidores con implantación no territorio, poderase establecer a obriga de prestar servizos en certas áreas, zonas ou paradas de xeito permanente ou a determinadas horas do día, debendo neste suposto fixar as oportunas regras de coordinación entre os titulares de licenzas de acordo con criterios de equidade, que permitan asegurar a efectiva prestación de tales servizos.

Artigo 27.-Desenvolvemento do servizo.

- 1. A persoa transportista non poderá negarse a prestar o servizo requirido pola persoa usuaria, coas excepción seguintes:.
- Ser requirido por individuos que desperten fundada sospeita, caso no que o condutor poderá solicitar a debida identificación perante os axentes da autoridade.
- Ser solicitado para transportar un número de persoas superior ó das prazas autorizadas para o vehículo.
- Cando calquera dos pasaxeiros se encontre en estado de embriaguez manifesta, ou baixo o efecto de estupefacientes.
- Cando a vestimenta dos viaxeiros e os bultos, equipaxes ou animais dos que sexan portadores poidan, de forma manifesta, ensuciar, deteriorar ou causar danos no vehículo.
- Cando as maletas, equipaxes ou bultos que leven os pasaxeiros, non collan no maleteiro e este teña a capacidade legalmente establecida.
- Cando sexa requirido para prestar servizo por vías intransitables que ofrezan perigo para a seguridade e integridade tanto dos ocupantes o do condutor, como do vehículo.
- Cando sexa solicitado para finalidades ilícitas o cando concorran circunstancias especiais de risco para a seguridade ou integridade física das persoas o do vehículo.
- O condutor de taxi que sexa requirido para prestar servizo a invidentes ou persoas de mobilidade reducida , non poderá negarse polo feito de ir acompañados de can guía ou cadeira de rodas.

2. A persoa transportista non poderá transportar un número de persoas viaxeiras superior ao de prazas autorizadas nos correspondentes títulos habilitantes.

3. Para chegar ao destino sinalado pola persoa ou persoas usuarias, a persoa condutora deberá seguir o itinerario máis directo, entendido como o previsiblemente máis curto, tendo en conta tanto a distancia para percorrer como o tempo estimado de duración do servizo, segundo as condicións de saturación da circulación, a menos que aquelas expresasen a súa vontade de realizar outro itinerario. Con todo, naqueles casos nos que, por causa xustificada de perigo para a persoa condutora ou danos para o vehículo de turismo non sexa posible ou conveniente seguir o itinerario máis directo, poderá escoller outro alternativo, informando á persoa ou persoas usuarias deste feito e dos seus motivos.

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

Artigo 28.- Inicio do servizo e posta en marcha do taxímetro.

1. Os servizos de transporte interurbano deberán iniciarse no termo do Concello de Ribadeo salvo no caso de contratación ou reserva previa.

2. O aparello taxímetro entrará en funcionamento ao baixar a bandeira ou elemento electrónico que a substitúa, no momento de acceso da persoa ou persoas usuarias ao vehículo. En ningún caso a realización de paradas intermedias supoñerá o reinicio do taxímetro ao retomarse o servizo; con todo, polo tempo de espera o transportista terá dereito ás percepcións que se poidan prever na tarifa aplicable a tal circunstancia.

Con todo, nos supostos de contratación por mediación de centrais de radiotaxi ou outros sistemas telemáticos equivalentes, ou a través dos teléfonos situados nas paradas de taxi do concello, o servizo considerarase iniciado no lugar e no momento no que o vehículo recibe o encargo de prestar o servizo. En todo caso, o importe máximo do taxímetro no momento da recollida efectiva da persoa usuaria non poderá superar o importe correspondente ao mínimo establecido para o inicio do servizo.

Nos servizos contratados mediante concertación previa aos que resulte de aplicación un importe fixo, no aparello taxímetro deberá constar a tarifa cero.

3. Ao chegar ao lugar do destino, a persoa condutora deberá poñer o contador en punto morto e, cumprido este requisito, indicaralle á persoa ou persoas usuarias o importe do servizo; no caso de que lle sexa requirido, entregaralles o recibo correspondente á viaxe realizada.

4. A persoa condutora deberá deter o funcionamento do aparello taxímetro no caso de que, durante o servizo, producísese calquera accidente ou avaría que o interrompese. Se non resultase posible continuar o servizo, o importe para satisfacer pola persoa usuaria non será superior á cantidade que marque o aparello taxímetro ata o momento do accidente ou avaría.

Artigo 29.- Facultades do concello de Ribadeo.

1. O Concello, previo informe das asociacións profesionais representativas do sector do taxi e das organizacións das persoas usuarias e consumidoras representativas no seu territorio, poderán establecer:

a) Lugares de paradas nos que os vehículos poderán estacionar á espera de pasaxeiros e pasaxeiras, así como determinar, no seu caso, os vehículos concretos ou o número máximo de vehículos que poden concorrer en cada parada, a forma na que deben estacionarse e a orde de tomar persoas viaxeiras, podendo establecerse a preferencia dos taxis adaptados á hora de posicionarse nas paradas. En todo caso, as persoas usuarias poderán escoller o vehículo que lles preste o servizo entre os que ocupen as dúas primeiras posicións na correspondente parada.

b) A obrigación de prestar servizos en certas áreas, zonas ou paradas ou en determinadas horas do día ou da noite, debendo, no devandito suposto, establecerse as oportunas regras de coordinación entre as distintas persoas titulares de licenzas que permitan asegurar a efectiva prestación de tales servizos conforme a criterios de equidade, seguridade e demanda xustificadas.

Cando as medidas para adoptar afecten a unha área territorial de prestación conxunta, daráselles audiencia en todo caso a aqueles concellos directamente afectados.

2. Os vehículos en circulación non poderán tomar persoas viaxeiras a unha distancia inferior á 1 km respecto a os puntos de parada establecidos no sentido da marcha. Dita distancia non serán esixibles para persoas de mobilidade reducida que soliciten un taxi adaptado.

Artigo 30.- Contratación por medios telemáticos e reserva previa.

1. O servizo do taxi poderá contratarse a través do teléfono ou doutros sistemas tecnolóxicos alternativos.

En todo caso, preveranse mecanismos para permitir a súa utilización por persoas con discapacidades ou limitacións sensoriais, tales como telefax, correo electrónico ou mensaxes de texto a teléfonos móbiles.

2. Os servizos de taxi poderán ser obxecto de concertación ou reserva previa entre a persoa titular da actividade e a clientela, ben directamente ben mediante a utilización de centrais de reserva.

O acceso das persoas usuarias ao vehículo podese efectuar en distinto termo municipal ao Concello de Ribadeo, debendo ter por destino efectivo o concello de Ribadeo.

O contrato deberá documentarse por escrito entre a persoa usuaria ou mandatario verbal e terá o contido mínimo seguinte:

a) Identificación da/ s persoa/ s usuaria/ s que solicita/ n o servizo.

b) Número de licenza de taxi á que está adscrito o vehículo que prestará o servizo e identificación da persoa titular destes títulos habilitantes.

c) Número de teléfono e/ou correo electrónico a través do cal as partes contratantes poderán poñerse en contacto. En particular, eses datos deberán ser adecuados para que a persoa usuaria poida contactar de maneira inmediata coa persoa que vaia a prestar de maneira efectiva o servizo.

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

e) Lugar exacto, día e hora no que a persoa profesional do taxi deberase presentar para iniciar o servizo, e destino previsto deste.

f) Lugar, día e hora de celebración do contrato, que será o da aceptación do servizo.

Artigo 31.- Servizos particulares.

1. Os vehículos adscritos aos títulos habilitantes para prestar servizos de taxi poderán, con todo, ser utilizados polos seus titulares para a realización de viaxes de carácter particular, en igualdade de condicións a un vehículo privado. Neste caso, con todo, o módulo indicador deberá estar apagado e exhibirase con claridade a indicación «sen servizo» ou similar.

2. Os vehículos adscritos aos títulos habilitantes para prestar servizos de taxi non poderán realizar transporte de mercadorías, entendido este como aquel en o que o carrexador se obriga, a cambio dunha remuneración, a transportar a bordo do vehículo calquera obxecto que non garde relación directa con ningunha das persoas viaxeiras que ocupan praza no vehículo. O incumprimento desta prohibición terá a consideración de prestación de servizos de transporte de mercadorías sen contar coa pertinente autorización, e será sancionable de acordo coas disposicións que resulten de aplicación.

Non obstante o anterior, devanditos vehículos poderán realizar o transporte de mochilas ou outros bultos pertencentes a peregrinos/ as que estean a realizar algún dos camiños de Santiago coma se devanditos peregrinos/ as fosen a bordo do vehículo, e resultando de aplicación, en todo caso, a tarifa de servizo de taxi que corresponda.

TITULO VI Publicidade

Artigo 32.- Normas xerais.

1. Para contratar e colocar anuncios publicitarios no interior e exterior dos vehículos, deberá solicitarse ó Concello a correspondente autorización indicando o contido, o formato, o lugar e modo de colocación do anuncio, así coma o vehículo no que se vai instalar.

Non se autorizaran anuncios publicitarios de tabaco, bebidas alcohólicas, nin aqueles que poidan resultar contrarios os criterios fixados pola Corporación.

Queda prohibida así mesmo toda publicidade sexista ou que atente contra os dereitos das persoas.

2. A publicidade interior irá colocada no respaldo dos asentos dianteiros e os anuncios non serán fixos nin de adhesión directa, senón que disporán dun soporte, a fin de que poidan ser colocados ou retirados, a decisión do titular da licenza.

3. A publicidade exterior poderá ir colocada na luneta traseira de forma que non prexudique a visibilidade do condutor a través do espello retrovisor interior do vehículo nin a visión dos distintivos de taxi dende o exterior. Así mesmo poderá ir colocada nas portas traseiras ocupando a totalidade das mesmas, a porta non incluirá o cristal da ventanilla.

4. Calquera outro tipo de publicidade distinta a aquí prevista poderá ser proposta polas Asociacións representativas do sector, estudada e informada e autorizada no seu caso polo Concello.

5. Para que o Concello poida autorizar calquera tipo de publicidade nun vehículo é imprescindible que, tanto o titular da licenza como o vehículo, cumpran con tódalas prescricións da presente Ordenanza.

TITULO VII: Réxime económico

Artigo 33.- Normas xerais.

1. A prestación do servizo de taxi estará suxeita a un réxime de tarifas obrigatorias que haberán de garantir a cobertura do costo real do servizo en condicións normais de produtividade e organización e permitirán una adecuada amortización e un razonable beneficio industrial.

2. As tarifas poderán ser revisadas periodicamente o, de maneira excepcional, cando se producise unha variación dos costos que altere significativamente o equilibrio económico da actividade.

3. A solicitude de revisión de tarifas debera presentarse coa antelación suficiente, de conformidade co disposto na normativa que sexa aplicable, para que as tarifas revisadas entren en vigor o 1 de xaneiro, sendo en todo caso preciso que dita petición teña lugar antes do 30 de xuño.

4. O Concello fixara as tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi ; para fixar as referidas tarifas será preceptivo dar audiencia, previa a súa aprobación, ao Consello Galego de Transportes, en orden a recabar as consideracións que estime pertinentes e as Asociacións Profesionais de Empresarios e Traballadores representativos do sector e as de Consumidores e Usuarios.

En todo caso, a aprobación das tarifas estará suxeita a lexislación vixente en materia de prezos.

5. As tarifas serán de obrigada observancia para os titulares das licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi e para as persoas usuarias.

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

6. As tarifas vixentes serán visibles para a persoa usuaria desde o interior do vehículo con indicación dos suplementos e tarifas especiais que procedese aplicar en determinados servizos.

7. Sen prexuízo do indicado nos números anteriores, con antelación ao comezo da prestación dos servizos de taxi, a persoa titular da licenza de taxi e as persoas usuarias poderán acordar un prezo fixo pola súa prestación, ou un desconto sobre a tarifa que resulte de aplicación polo conxunto de conceptos facturables. Nestes supostos, as tarifas vixentes terán a consideración de máximas.

En ambos os casos indicados no parágrafo anterior, o acordo referente á contratación do servizo e ao prezo ou porcentaxe de desconto aplicable deberá ser documentado en soporte papel ou electrónico, do que se entregará copia á persoa usuaria con antelación ao comezo da súa prestación. No caso de establecemento dun prezo final fixo, no devandito acordo deberá facerse constar tanto o importe acordado coa persoa usuaria como o que correspondería á prestación do servizo atendendo ao factor quilométrico da tarifa máxima aplicable, ao tempo de espera programado e facturable, ás peaxes, no seu caso, e aos suplementos que resultasen de aplicación.

No caso de acordarse a aplicación dunha porcentaxe de desconto sobre o prezo final do servizo, na documentación do devandito acordo deberá identificarse devandita porcentaxe de desconto. Igualmente, no documento xustificativo da prestación do servizo indicarase tanto o prezo do servizo resultante da aplicación da tarifa como o prezo efectivamente cobrado.

No caso de concertación dun prezo final fixo pola prestación do servizo, o taxímetro reflectirá esta circunstancia nos termos que regulamentariamente se establezan.

TITULO VIII: Estatuto xurídico das persoas usuarias do taxi

Artigo 34.- Dereitos das persoas usuarias.

As persoas usuarias de servizos de taxi terán os seguintes dereitos :

a) A acceder ao servizo en condicións de igualdade. Os condutores e condutoras que prestan o servizo deberán proporcionar a súa axuda ás persoas con mobilidade reducida, así como a aquelas que vaian acompañadas de nenos e nenas, ou ás mulleres gestantes, debendo cargar e descargar a súa equipaxe.

b) A identificar á persoa condutora e recibir unha atención correcta de quen presta o servizo.

c) Á prestación do servizo con vehículos que dispoñan das condicións óptimas, no interior e exterior, en canto a hixiene, limpeza, comodidade e estado de conservación.

d) A subir e baixar do vehículo en lugares onde quede suficientemente garantida a seguridade das persoas.

e) A seleccionar o percorrido que estimen máis adecuado para a prestación do servizo.

f) A obter información sobre o número de licenza de taxi ou autorización interurbana de taxi e as tarifas aplicables aos servizos.

g) A poder ir acompañada dun can guía no caso das persoas cegas ou con discapacidade visual.

h) A transportar equipaxes de conformidade coas condicións que regulamentariamente se establezan.

i) A que se lle facilite o cambio de moeda ata o importe de 50 euros , ou , no seu caso , o que determine a consellería competente en materia de transporte en vehículos de turismo na determinación da estrutura harmonizada das tarifas de taxi.

l) A recibir un documento xustificativo da prestación do servizo no que conste o prezo, orixe e destino do servizo, o número de licenza de taxi do vehículo que atendeu o servizo, a identificación da persoa titular dos títulos habilitantes e da persoa condutora e, a pedimento da persoa usuaria, o itinerario percorrido.

m) A formular as reclamacións que estimasen oportunas en relación coa prestación do servizo, debendo facilitar o condutor ou condutora, a pedimento da persoa usuaria, follas de reclamacións.

n) A ser informados polo Concello das condicións en que deben prestarse os servizos de transporte en taxi.

ñ) A esixir da persoa condutora e, no seu caso, da persoa titular da licenza e da autorización interurbana o cumprimento de todas as obrigacións vinculadas á prestación dos devanditos servizos.

o) A que a persoa condutora observe a máxima dilixencia na condución do vehículo e no trato coas persoas ocupantes do mesmo, e demais ocupantes da vía pública, para o mellor cumprimento do réxime de prestación dos servizos.

p) A recibir da persoa condutora, se así llo demanda, xustificación escrita das causas da negativa para prestar o servizo.

q) A decidir sobre o funcionamento do aire acondicionado ou calefacción no vehículo.

r) Obter axuda da persoa condutora sempre que se necesite, tanto para subir e baixar do vehículo como para cargar e descargar equipaxes ou aparellos necesarios para o desprazamento da persoa usuaria, tales como cadeiras de rodas ou carros infantís.

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

s) O transporte das súas equipaxes ou pertenzas, podendo portar gratuitamente no maleteiro do vehículo un bulto de equipaxe ou pertenza por persoa usuaria, coa limitación da capacidade do devandito maleteiro. Devanditas equipaxes ou pertenzas non poderán supoñer risco para a integridade das persoas ou do vehículo nin causar danos no seu interior, excepto no caso de animais de axuda ou auxilio a persoas cegas, con discapacidade visual ou con mobilidade reducida.

t) A decidir que se apague ou baixe o volume da radio ou de calquera outro aparello de reprodución, excepto o aparello de comunicación de radiotaxi ou equivalente.

Artigo 35.- Deberes das persoas usuarias.

As persoas usuarias de servizos de taxi, terán os seguintes deberes:

a) Adoptar un comportamento respectuoso durante a prestación do servizo, sen interferir na condución do vehículo e sen que poida implicar perigo para as persoas e os bens.

b) Pagar o prezo da prestación do servizo de acordo co réxime de tarifas establecido.

c) Non manipular, destruír ou deteriorar ningún elemento do vehículo durante o servizo.

d) Absterse de fumar, beber alcol ou consumir calquera tipo de substancia estupefaciente no interior do vehículo.

e) Respectar as instrucións da persoa condutora en relación coa prestación do servizo en condicións de seguridade.

f) Non subir nin baixar do vehículo cando estea este en movemento.

g) Non manter actitudes que poidan resultar molestas ou ofensivas para a persoa condutora.

Artigo 36.- Dereitos das persoas profesionais do taxi.

As persoas que se dediquen profesionalmente á actividade do taxi, xa sexan as persoas titulares dos títulos habilitantes ou persoas condutoras asalariadas, gozarán dos seguintes dereitos:

a) A negarse a prestar o servizo cando fose solicitado para fins que se presuman racionalmente como ilícitos ou cando concorresen circunstancias especiais de risco para a seguridade ou integridade física das persoas ou do vehículo.

Entenderase que se dan as indicadas circunstancias de risco para a seguridade ou integridade física das persoas ou do vehículo cando calquera das persoas viaxeiras atópese en estado de manifesta embriaguez ou intoxicación por estupefacientes, ou cando a natureza e carácter dos vultos, equipaxes, utensilios, indumentaria ou animais que as persoas viaxeiras leven consigo poidan supoñer risco, deteriorar ou causar danos no interior do vehículo, salvo que se trate de animais ou utensilios de axuda ou auxilio a persoas cegas ou con mobilidade reducida.

Considerarase que concorren as circunstancias de falta de licitud da finalidade do servizo cando exista unha reiterada demanda telefónica ou telemática de servizos que despois fosen abandonados sen pago e sen causa xustificada, ou o coñecemento fidedigno por parte da persoa profesional do taxi ou condutora do reiterado uso do servizo e posterior falta de pagamento deste por parte da persoa viaxeira que o demande, despois da prestación do servizo. Para estes efectos, considerarase que existe reiteración cando se produza o mesmo feito ao mesmo condutor ou a distintos condutores dous ou máis veces no prazo dun ano, correspondendo á persoa profesional do taxi a proba destes incumprimentos.

b) A que as persoas usuarias non suban nin baixen do vehículo cando este estea en movemento, e a que non manteñan actitudes que poidan resultar molestas ou ofensivas para a persoa condutora.

Artigo 37.- Deberes das persoas profesionais do taxi.

As persoas que se dediquen profesionalmente á actividade do taxi, terán as seguintes obrigacións en relación coa prestación do servizo:

a) Prestar o servizo que se lles demande, sempre que o vehículo estea en situación de libre e a solicitude realícese cumprindo as obrigacións que corresponden ás persoas usuarias.

b) Con carácter xeral, estar dispoñible para prestar o servizo na parada correspondente.

c) Non transportar un número de persoas viaxeiras superior ao das prazas autorizadas na licenza.

d) Observar a máxima dilixencia no desenvolvemento da actividade de condución do vehículo e demais prestacións vinculadas co exercicio da actividade de taxi.

e) Cobrar os servizos de acordo co réxime tarifario oficialmente establecido.

f) Observar un comportamento correcto e non discriminatorio coas persoas usuarias.

g) Exhibir de forma visible no interior do vehículo o número de licenza de taxi, así como as tarifas aplicables aos servizos.

h) Coidar o seu aspecto persoal e vestir adecuadamente durante o seu horario de prestación do servizo público ao que está adscrito o taxi.

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

i) Poñer ao dispor das persoas usuarias do servizo e daqueloutras que así llo soliciten as correspondentes follas de queixas e reclamacións, de acordo co previsto na normativa vixente.

l) Informar as persoas usuarias da existencia das follas de queixas e reclamacións.

m) Acender as luces interiores do vehículo durante a noite para facilitar o ascenso e descenso das persoas usuarias e o pago.

n) Dar conta ao concello da aparición de obxectos abandonados no vehículo despois da prestación dun servizo, proporcionando o maior número de datos posibles que permitan identificar á persoa propietaria.

Artigo 38.- Obxectos perdidos.

Os obxectos que atopase o condutor no vehículo deberá entregalos o mesmo día, ou a máis tardar dentro das seguintes 24 horas, nas dependencias da Policial Local do concello de Ribadeo detallando as circunstancias do atopado.

Artigo 39.- Situacións de emerxencia.

En casos de calamidade pública ou emerxencia grave, o persoal afecto ó servizo de autotaxis así como os vehículos adscritos ó mesmo quedarán a disposición das autoridades a fin de coadxuvar á prestación do servizo público de transporte, sen prexuízo de percibir a correspondente retribución e, no seu caso, a indemnización procedente nos casos de deterioro do vehículo.

Artigo 40.- Descansos.

Os vehículos deberán prestar o servizo ó público de maneira continuada salvo o disposto en materia de descansos e vacacións.

Coa finalidade de mellorar a organización e o control do sector poderán establecerse quendas de descanso, que se regularán polo Concello de acordo coas Asociacións Profesionais e terán como fin contribuír a mellora da atención ós cidadáns e a correcta distribución do traballo axustándoo a demanda.

TÍTULO IX.- Infraccións e sancións

Artigo 41.- Infraccións moi graves.

Consideraranse infraccións moi graves as previstas nesta condición na Lei 4/2013 do 30 de maio de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, así como, no Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos turísticos en Galicia.

Artigo 42.- Infraccións graves.

Consideraranse infraccións graves as previstas nesta condición na Lei 4/2013 do 30 de maio de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, así como, no Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos turísticos en Galicia.

Artigo 43.- Infraccións leves

Consideraranse infraccións leves as previstas nesta condición na Lei 4/2013 do 30 de maio de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, así como, no Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos turísticos en Galicia.

Artigo 44.- Sancións e procedemento sancionador

1. A comisión das infraccións tipificadas na Lei 4/2013 do 30 de maio de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, así como, no Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos turísticos en Galicia, dará lugar, no seu caso, á imposición das sancións conforme a previsto na citada normativa.

2. As infraccións será sancionadas con multas polos importes máximos e conforme ao previsto na Lei 4/2013 do 30 de maio de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, así como, no Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos turísticos en Galicia.

Artigo 45.- Prescrición das infraccións e sancións

As infraccións e sancións moi graves prescribirán conforme ao previsto na Lei 4/2013 do 30 de maio de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, así como, no Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos turísticos en Galicia.

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

Disposición Adicional. Capacitación profesional de persoas condutoras actuais

Aquelas persoas condutoras que estean adscritas á prestación de servizos de taxi no Concello de Ribadeo con anterioridade a entrada en vigor da Ordenanza, estarán exentas da capacitación profesional prevista na presente Ordenanza.

Disposición Transitoria Primeira. Paradas de taxi.

A parada de taxis será a existente a data da entrada en vigor da presente Ordenanza en tanto en canto no se establezan outras de conformidade co establecido na presente Ordenanza.

Disposición Transitoria Segunda. Tarefas.

As tarifas vixentes o tempo da entrada en vigor da presente Ordenanza, seguirán sendo de aplicación ata que o Concello fixe unhas novas conforme o procedemento aplicable en cada caso.

Disposición Transitoria Terceira. Visado de licenzas.

Os titulares de licenza de taxi no momento de entrada en vigor da presente ordenanza, deberán proceder ao visado da mesma conforme ao previsto no artigo 11 da presente ordenanza no prazo máximo de catro (4) meses.

Disposición Transitoria Cuarta. Titularidade de licenzas.

Os titulares que no momento de entrada en vigor da presente ordenanza fosen titulares de máis de unha licenza autorizadas polo Concello, poderán seguir mantendo a súa titularidade ata que efectúen a transmisión dalgunha delas.

Disposición Transitoria Quinta. Implantación e obrigatoriedade do taxímetro

1. Os vehículos adscritos ás licenzas de taxi do municipio de Ribadeo que, non momento dá entrada en vigor desta ordenanza, non dispoñan de aparello taxímetro regulamentario e homologado, terán un prazo máximo de 24 meses, contados desde o día seguinte ao da publicación do texto íntegro desta norma no Boletín Oficial da Provincia, para proceder a súa instalación, calibración e precintado.

2. O aparello taxímetro deberá cumprir con toda a normativa vixente en materia de metroloxía e estar debidamente homologado. A súa instalación deberá realizarse nun taller autorizado e deberá contar co correspondente módulo exterior indicador de tarifas (capela).

3. Unha vez instalado o taxímetro, e antes dá súa posta en funcionamento definitivo, a persoa titular da licenza deberá presentar ante o Concello a certificación técnica de instalación e a verificación metrolóxica correspondente.

4. Transcorrido o prazo establecido non apartado primeiro sen que se procedera á instalación do taxímetro de xeito xustificado, iniciarase o correspondente procedemento sancionador de conformidade co previsto no réxime infraccional desta ordenanza e na lexislación autonómica de transportes, podéndose acordar a suspensión provisional da licenza.

5. Mentres non transcorra o prazo fixado no apartado primeiro ou non se dispoña do taxímetro instalado, a determinación do prezo do servizo realizarase mediante a aplicación do réxime de tarifas vixente baseado en prezos por quilómetro ou servizos pechados autorizados polo Concello.

Disposición Final Primeira. Adaptación normativa.

A entrada en vigor de normas de rango superior ao desta Ordenanza que afecten as materias reguladas na mesma determinara a aplicación daquelas sen prexuízo da posterior adaptación no que fose necesario da Ordenanza.

Disposición Final Segunda. Entrada en vigor.

De conformidade co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, a presente Ordenanza entrara en vigor aos quince dias hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación.

Disposición Final Terceira. Anexos.

Os anexos da presente ordenanza poderán ser modificados mediante resolución de Alcaldía, especialmente cando dita modificación derive de cambios normativos.

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

Anexo I Modelo de declaración responsable a efectos de visado.

DATOS DO INTERESADO:	
Nome e apelidos:	DNI:
Domicilio/CP/Concello:	
Provincia:	Teléfono:

DATOS DO REPRESENTANTE:	
Nome e apelidos:	DNI:
Domicilio/CP/Concello:	
Provincia:	Teléfono:

MEDIO PREFERENTE DE NOTIFICACIÓN:
- ( ) Electrónica - ( ) Papel
Correo electrónico:

EXPÓN:
1º.- Que son titular da Licenza Municipal de Taxi n.º ____ do concello de Ribadeo, á que ten adscrito o vehículo modelo _____ e matrícula _____, cuxa data de primeira matriculación é _____ . 2º.- Que de conformidade co previsto nos artigos 18 da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, o artigo 14 do Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos turísticos en Galicia, así como, o artigo 11 da ordenanza reguladora do servizo de taxi do concello de Ribadeo veño a:

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

DECLARAR RESPONSABLEMENTE QUE:

1º.- Que titular da Licenza Municipal de Taxi n.º ____ do concello de Ribadeo, manteño as condicións que orixinariamente xustificaron o seu outorgamento ao meu favor, así como, as impostas na Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, no Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos turísticos en Galicia, así como, na ordenanza reguladora do servizo de taxi do concello de Ribadeo, dispoñendo da documentación precisa que así o xustifica e que se porá a disposición do concello de Ribadeo no caso de ser requirido.

2º.- Que como titular da Licenza Municipal de Taxi n.º ____ do concello de Ribadeo, ten satisfeitas no seu caso, as sancións pecuniarias impostas en relación coa meritada licenza de taxi.

3º.- Que como titular da Licenza Municipal de Taxi n.º ____ do concello de Ribadeo, o vehículo adscrito á mesma, cumpre coas obrigas impostas na Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, no Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos turísticos en Galicia, así como, na ordenanza reguladora do servizo de taxi do concello de Ribadeo, dispoñendo da documentación precisa que así o xustifica e que se porá a disposición do concello de Ribadeo no caso de ser requirido.

4º.- Que como titular da Licenza Municipal de Taxi n.º ____ do concello de Ribadeo, informa dos seguintes datos do vehículo adscrito á licenza.

- Marca do vehículo: _____

- Modelo do vehículo: _____

- Número de asentos: _____

- Volume do maleteiro: _____

- Matrícula do vehículo: _____

DOCUMENTACIÓN:

1º.- Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade.

2º.- Fotocopia compulsada do Permiso de Circulación e da Tarxeta de Inspección Técnica do vehículo adscrito ao servizo.

3º.- Xustificante de seguro de responsabilidade civil e xustificante do seu pagamento.

4º.- Xustificante de pagamento das taxas municipais.

5º.- Copia ou identificación da data de expedición orixinal da licenza municipal do concello de Ribadeo obxecto de transmisión, así como, o órgano municipal autor do acordo/resolución.

6º.- Copia ou identificación da data de autorización do último cambio de titularidade da licenza municipal do concello de Ribadeo obxecto de transmisión, así como, o órgano municipal autor do acordo/resolución.

5º.- Copia da da autorización interurbana.

En Ribadeo ___ de _____ de _____

Asdo. _____

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

Anexo II. Modelo de solicitude de transmisión de licenza de taxi "inter vivos".

DATOS DO ADQUIRENTE:	
Nome e apelidos:	DNI:
Domicilio/CP/Concello:	
Provincia:	Teléfono

DATOS DO TRANSMITENTE:	
Nome e apelidos:	DNI:
Domicilio/CP/Concello:	
Provincia:	Teléfono:

MEDIO PREFERENTE DE NOTIFICACIÓN:
- ( ) Electrónica - ( ) Papel
Correo electrónico:

DATOS DA LICENZA OBXECTO DE TRANSMISIÓN
Nº de licenza:
Data e resolución/acordo de expedición orixinal da licenza:
Data e resolución/acordo autorizatoria do último cambio de titularidade:

Anuncio publicado en: Num BOP 269 año 2026 (26/11/2026 08:00:00)

EXPÓN:

1º.- Que _____ titular do DNI _____ é actualmente titular da Licenza Municipal de Taxi n.º ____ do concello de Ribadeo, á que ten adscrito o vehículo modelo _____ e matrícula _____, cuxa data de primeira matriculación é _____ , a cal desexo **transmitir "inter vivos"** de acordo co previsto no artigo 17 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, o artigo 11 do DECRETO 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, así como, o artigo 12 da ordenanza reguladora do servizo de taxi do concello de Ribadeo.

2º.- Que _____ titular do DNI, desexa **adquirir "inter vivos"** a Licenza Municipal de Taxi n.º ____ do concello de Ribadeo, de acordo co previsto no artigo 17 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, o artigo 11 do DECRETO 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, así como, o artigo 12 da ordenanza reguladora do servizo de taxi do concello de Ribadeo.

3º.- Que o vehículo que desexo adscribir á licenza:

( ) O MESMO VEHÍCULO ACTUALMENTE ADSCRITO

( ) NOVO

( ) DE MENOR ANTIGÜIDADE A DOUS (2) ANOS (MATRÍCULA: _____; DATA PRIMEIRA MATRICULACIÓN: _____)

4º.- Por elo e de conformidade co previsto nos artigos 17 da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, así como, o artigo 11 do Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos turísticos en Galicia, así como, o artigo 12 da ordenanza reguladora do servizo de taxi do concello de Ribadeo, veño a:

SOLICITAR:

Autorización municipal para transmitir "inter vivos" á Licenza Municipal de Taxi nº _____ en cuestión, nas seguintes condicións:

TRANSMITENTE:

- Nome:
- DNI:
